



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Concello de Val do Dubra (A Coruña), P1508900F

**CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A EXECUCIÓN DO SERVIZO “PROGRAMA DE PREVENCIÓN DETERIORO FÍSICO, COGNITIVO E AUTONOMÍA PERSOAL PARA MAIORES E DEPENDENTES DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA”.**

**Expte Tedec. 2024/C004/000001**

En Val do Dubra, a 30 de agosto de 2024.

### REUNIDOS

**DUNHA PARTE:** D. Diego Luis Díaz Méndez, en calidade de alcalde-presidente do Concello de Val do Dubra (A Coruña) con DNI 78.805.510N asistido do Secretario accidental do Concello de Val do Dubra, José Ramón Vázquez González, con DNI 33.268.448Y, que da fe do acto.

**DOUTRA PARTE:** D<sup>a</sup>. Raquel Toja Gómez, maior de idade, con DNI n.º 32.830.627J, actuando en calidade de representante da empresa OSVENTOS Innovación en Servizos S.L., con CIF n.º B70493275 e domicilio social en Avda Fernando Casas Novoa 37, baixo, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Recoñecéndose ambas as partes respectivamente competencia e capacidade legal suficientes, conveñen subscribir o presente contrato administrativo para a execución do Servizo “EXECUCIÓN DO SERVIZO “PROGRAMA DE PREVENCIÓN DETERIORO FÍSICO, COGNITIVO E AUTONOMÍA PERSOAL PARA MAIORES E DEPENDENTES DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA”, cuxos antecedentes administrativos e cláusulas son:

### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

**Primeiro.-** O programa do Servizo de Programa de Prevención DETERIORO FÍSICO, COGNITIVO, AUTONOMÍA PERSOAL PARA MAIORES E DEPENDENTES do Concello de Val do Dubra foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 30.07.2024, cun orzamento de 46.926,93 euros, e 9.854,64 euros en concepto de IVE (10%), cun total de 56.781,57 euros.

Anualidade 2024: 6.070,95 euros

Anualidade 2025: 12.856,24 euros

#### **Actividades ordinarias, das que ofrecemos un listado de actividades propostas:**

- Actividades de Memoria.**
- Xogos.**
- Educación Emocional.**
- Prevención da dependencia.**
- Musicoterapia.**
- Manualidades.**
- Hábitos saudables.**
- Alfabetización e lecto-escritura.**

*Val do Dubra, naturalmente*



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

- Expresión escrita e verbal.**
- Bailes.**
- Relaxación.**
- Exercicio físico adaptado**
- Manexo de novas tecnoloxías**

**As actividades tiveron lugar entre os meses de xaneiro a xuño e de setembro a decembro, suspendendo as clases no mes de agosto.**

### Actividades puntuais de participación interxeracional:

**En momentos puntuais do ano realizaranse actividades conxuntas entre as realizadas noutras concelleiras e as realizadas na área de servizos sociais, que deberán coordinar, xunto co Concello, as persoas ou empresas a cargo de ambas áreas.**

### Excursión:

**Unha excursión en autobús a algun destino de interese para os usuarios dentro do territorio de Galicia.**

**Segundo.-** O expediente do citado servizo apróbouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 30.07.2024 por procedemento aberto simplificado abreviado, e tramitación ordinaria.

**Terceiro.-** O compromiso do gasto foi efectuada pola Intervención cargo á aplicación orzamentaria 231.22799 do orzamento de gastos aprobado polo Pleno do 2 de xullo de 2024, e aprobado definitivamente o 08.08.2024 para o exercicio 2024.

**Cuarto.-** A adjudicación deste contrato acordouse por Resolución da Alcaldía (por avocación da competencia da Xunta de Goberno Local), número 623/2024 do 29.08.2024, por un importe de **44.790,00 euros e 9.405,90 euros correspondentes ó 21% do IVE, ascendendo o total de 54.195,90 euros**

### **CLÁUSULAS DO CONTRATO**

**Primeira.-** D<sup>a</sup> Raquel Toja Gómez, con DNI n.º 32.830.627J, actuando en calidade de representante da empresa **OSVENTOS Innovación en Servizos S.L.**, comprométese a executar o servizo de “PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DETERIORO FÍSICO, COGNITIVO E AUTONOMÍA PERSOAL PARA MAIORES E DEPENDENTES DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA”, con estrita suxeición aos Pregos de Prescicións Técnicas Particulares e Prego de Cláusulas Administrativas Particulares PCAP aprobados pola administración, documentos contractuais que acepta plenamente, e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade en cada un deles, e coas melloras sinaladas na oferta presentada.

**Segunda.-** O prezo deste contrato é de de **44.790,00 euros e 9.405,90 euros correspondentes ó 21% do IVE, ascendendo o total de 54.195,90 euros**





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE DETERIORO FÍSICO, COGNITIVO E AUTONOMÍA PERSOAL PARA MAIORES E DEPENDENTES DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA”, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CON TRAMITACIÓN ABREVIADA (ARTIGO 159.6 LCSP)

A. PODER ADXUDICADOR			
ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE:	CONCELLO DE VAL DO DUBRA		
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:	Xunta de Goberno Local		
SERVIZO XESTOR:	SECRETARÍA		
Data de inicio do expediente de contratación: 23.07.2024			
PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO. ACTUACIÓNS E INFORMACIÓN DOS INTERESADOS.-			
Perfil do contratante do Concello: Ubicado na Plataforma de Contratación do Sector Público ( <a href="https://contrataciondelestado.es">https://contrataciondelestado.es</a> )			
Dirección do órgano de contratación: Rúa arcai, 41, C.P. 15873, Bembibre, Val do Dubra			
Correo electrónico do órgano de contratación: <a href="mailto:contratacion@valdodubra.gal">contratacion@valdodubra.gal</a>			
Correo electrónico para información e aclaracións: <a href="mailto:contratacion@valdodubra.gal">contratacion@valdodubra.gal</a>			
B. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN			
Número de Expediente	2024/C004/000001	Tipo de Contrato:	SERVIZOS
Tipo de Procedemento	ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO	Tramitación:	ORDINARIA
		Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
Forma de presentación de ofertas:			
<input type="checkbox"/> Manual <input checked="" type="checkbox"/> Electrónica <input type="checkbox"/> Manual e Electrónica			
Cabe recurso especial: <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON			
Contrato suxeito a regulación harmonizada: <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON			
C. OBXECTO DO CONTRATO			
<b>Definición do obxecto do contrato:</b>			
SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE DETERIORO FÍSICO, COGNITIVO E AUTONOMÍA PERSOAL PARA MAIORES E DEPENDENTES” DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA, cuxa codificación é CPV: 85311100-3. Servizos de Benestar Social proporcionados a anciáns			
D. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN			
Orzamento base (sen IVE): 15.642,31 €	IVE aplicable (21%): € 3.284,88 €	Orzamento base (IVE incluído): 18.927,19 €	
Orzamento base (sen IVE) 1 + 2: 46.926,93 euros		Ano 2024: 6.070,95 euros	
Aplicación orzamentaria: .....			

*Val do Dubra, naturalmente*



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

<b>Criterios para determinación do prezo:</b> Ver Anexo III do PCAP			
<b>E. VALOR ESTIMADO</b>			
Orzamento base de licitación (IVE excluído)	15.642,31 €		
Importe das modificacións previstas (IVE excluído):	0,00 €		
Importe das opcións eventuais (IVE excluído):	0,00 €		
Importe das primas pagadeiras aos licitadores (IVE excluído):	0,00 €		
Prórroga/s prevista/s (IVE excluído):	31.284,00 €		
TOTAL VALOR ESTIMADO:	46.926,93 €		
<b>DURACIÓN/PRAZO DE EXECUCIÓN</b> 1 ano (equivalente á prestación íntegra do Servizo obxecto do contrato) máis prorrogas previstas (véxase a cláusula 7ª)	<b>I. PRÓRROGA</b> <input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON 1+2 anos	<b>PRAZO DE GARANTÍA</b> ---	
<b>K. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES</b>			
<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON			
<b>L. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN</b>			
<input checked="" type="checkbox"/> SI, ver cláusula 20 <input type="checkbox"/> NON			
<b>M. REVISIÓN DE PREZOS</b>			
<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON			
<b>N. GARANTÍAS</b>			
PROVISIONAL: NON	ASCENDE A _____ %		
DEFINITIVA : NON	ASCENDE A _____ %.		
COMPLEMENTARIA: SI	ASCENDE A _____ %		
<b>Ou. SUBROGACIÓN</b>			
<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON			
<b>P. SUBCONTRATACIÓN</b>			
<input checked="" type="checkbox"/> SI, ver cláusula 23 <input type="checkbox"/> NON			
<b>Q. MODIFICACIÓNES CONTRACTUAIS PREVISTAS</b>			
<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON			
<b>R. DATOS DE FACTURACIÓN (FACE)</b>			
Destinatario	Concello de Val do Dubra	NIF	P1508900F
Oficina contable	Secretaría-Intervención	CÓDIGO DIR3	LA0002797
Órgano Xestor	Alcaldía	CÓDIGO DIR3	LA0002796
Unidade Tramitadora	Concello de Val do Dubra	CÓDIGO DIR3	LA0002799

*Val do Dubra, naturalmente*

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO “SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE DETERIORO FÍSICO, COGNITIVO E AUTO-NOMÍA PERSOAL MARA MAIORES DO CONCELLO DE VAL DO



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

DUBRA", MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CON TRAMITACIÓN ABREVIADA (ARTIGO 159.6 LCSP)

### I.- DISPOSICIÓN E PREVISIÓN XERAIS

#### PRIMEIRA.- Natureza e réxime xurídico e xurisdicional do contrato.

1.1. O presente contrato terá a cualificación de contrato administrativo de servizos, ao amparo do respectivamente previsto, aos ditos efectos, nos artigos 25 e 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP). Quedando sometido, pois, á dita Lei, así como á normativa/regulamentación que o desenvolve e/ou concordante e que resulte de aplicación, segundo o que no seu caso proceda.

1.2. As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego e no de prescricións técnicas, así como no contrato formalizado ao efecto; non obstante, no caso de existir algunha discrepancia entre o prego de prescricións técnicas particulares (en diante PPTP) e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

1.3. No referido á orde xurisdicional competente respecto das actuacións e controversia entre partes relacionadas co presente contrato e procedemento/expediente estarase ao disposto ao efecto no artigo 27 da LCSP.

1.4. Ro referido aos posibles supostos de invalidez, nulidade, anulabilidade e revisión de oficio do presente contrato e procedemento/expediente, e actuacións relacionadas, en en todo aquilo non expresamente contemplado no presente prego, estarase ao previsto ao efecto nos artigos 38 a 43 da LCSP

1.5. Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación as actuacións relacionadas co presente contrato e procedemento/expediente que se se correspondan coas referidas, a tal efecto, no artigo 44. da LCSP, consonte os termos, efectos e demais previsións contidas ao respecto no dito e seguintes artigos. E isto sen prexuízo daqueles supostos/actos nos que, de conformidade co disposto neste mesmo artigo, poida proceder a interposicións dos recursos administrativos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

1.6. Para todo o non previsto nos pregos e contrato, estarase ao disposto na LCSP, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente dita Lei, no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en todo aquilo en vigor e que resulte aplicable), segundo o que no seu caso proceda e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009 e restante normativa/regulamentación de desenvolvemento/concordante; e, supletoriamente, á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e restantes normas de dereito administrativo aplicables na materia e, no seu defecto, as de dereito privado. En todo caso, as aplicación das anteditas normas levarase a cabo en todo o que non se opoña á LCSP

#### SEGUNDA.- Órgano de Contratación

2.1. De conformidade co previsto na Disposición Adicional Segunda da LCSP, e o tamén disposto pola normativa de réxime local, e atendendo ao valor estimado e características do contrato, o órgano de contratación será a Alcaldía, sen prexuízo da delegación que no seu caso, e respecto desta competencia, esta puidera ter resolto.

2.2. O órgano de contratación (Alcaldía ou órgano municipal no que no seu caso teña delegado esta competencia), en tanto que depositario da representación do Concello en materia contractual e facultado para a adxudicación do contrato, e de conformidade ao disposto nos



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

artigo 190 e 191 da LCSP, e dentro dos límites e con suxeición aos termos, requisitos e efectos sinalados nos pregos reguladores e normativa aplicable, terá as prerrogativas de; interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a súa execución, acordar a súa resolución e determinacións dos seus efectos, así como a imposición de penalidades e tipificación de infraccións que, no seu caso, procedan. E, igualmente, o órgano de contratación posuirá as facultades formais de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na LCSP e nos pregos reguladores; e ilo sen prexuízo das funcións de seguimento e execución ordinaria que asumirá a unidade encargada ao respecto, así como da supervisión operativa e directa, e funcións inherentes, atribuídas ao responsable de contrato a designar polo órgano de contratación (nos termos do disposto, ao respecto, na cláusula 22.4 do presente prego, e prescrición 8.2 do PPTP)

### TERCEIRA.- Procedemento de adxudicación do contrato

O contrato adxudicarase mediante o procedemento aberto simplificado de tramitación sumaria/abreviada previsto no artigo 159.6 da LCSP, no que todo interesado poderá presentar unha proposición.

A adxudicación do contrato realizarase consonte os criterios concretos de adxudicación establecidos na cláusula 12, e que segundo o disposto no referido artigo 159.6 da LCSP serán cuantificables automaticamente, segundo as formas/formulas establecidas ao efecto da dita cláusula

### CUARTA.- Publicidade do procedemento e información aos interesados

Coa finalidade de asegurar a transparencia e acceso público da información relativa á presenta licitación, esta farase pública, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, a través do PERFIL DO CONTRATANTE do Concello, consonte os mínimos e termos previstos ao efecto no artigo 63 da LCSP.

Ao Perfil do Contratante do Concello de Val do Dubra poderase acceder de forma directa a través da súa páxina web, na seguinte dirección <https://www.valdodubra.gal>; e atópase ademais aloxado, dando así cumprimento ao disposto ao efecto ao efecto no artigo 347.3 da LCSP, na PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DO SECTOR PÚBLICO, á que se poderá acceder a través da seguinte dirección <https://contrataciondelestado.es>

O ANUNCIO DA LICITACIÓN do contrato será obxecto de publicación unicamente no Perfil do Contratante: dito anuncio axustarase, nos seus contidos e información recollida, ao previsto ao respecto na sección 4 do anexo III da LCSP

Os interesados neste procedemento de licitación a través perfil de contratante poderán acceder á información relativa á convocatoria da licitación do contrato, incluíndo os pregos de cláusulas administrativas, técnicas e documentación complementaria, no seu caso. Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta estará dispoñible por medios electrónicos dende o día da publicación do anuncio en dito perfil do contratante.

Asemade, poderase solicitar a información adicional ou complementaria a que se refire o artigo 138.3 da LCSP, que será facilitada, a máis tardar/como máximo, 4 días antes do día en que finalice o prazo do prazo de presentación de ofertas, e sempre tiveran solicitado cunha antelación mínima de 4 días antes da data de finalización do dito prazo de presentación de ofertas

Nos casos en que o solicitado sexan aclaracións ao establecido nos pregos ou resto de documentación, as respostas terán carácter vinculante e faranse públicas no correspondente perfil do contratante en termos que non afecten á igualdade e concorrência no procedemento.





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Cando nos casos previstos no artigo 136 da LCSP, e/ou por razóns debidamente xustificadas no expediente, se estime necesario ampliar os prazos fixados para a presentación de ofertas, dita ampliación acordarase mediante resolución do órgano de contratación competente neste procedemento; e, para o seu xeral e oportuno coñecemento por parte dos interesados, farase público tamén a través do perfil do contratante.

En todo caso, e para no o previsto neste prego ou no PPTP en relación coa publicidade e información aos interesados, estarase ao disposto no artigo 138 e restantes disposicións aplicables da LCSP

### QUINTA.- Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses.

**5.1.** Os órgano de contratación deberán tomar as medidas axeitadas para evitar posibles situacións de fraude, favoritismos e corrupción, e prever, detectar e solucionar de modo efectivos os conflitos de intereses que puideran xurdir neste procedemento de licitación; e todo ilo coa finalidade de evitar calquera distorsión/alteración da efectiva competencia, e garantir a transparencia e igualdade de trato dos licitadores

**5.2.** Aos ditos efectos, entenderase por conflito de intereses, cando menos e entre outros posibles supostos legalmente concorrentes, calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe ou tivera participa neste procedemento de licitación ou puidera influír no resultado do mesmo, teña directa o indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no propio procedemento.

**5.3.** En todo caso, aquelas persoas ou entidades que tiveran coñecemento dun posible conflito de intereses deberano poñer inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación

## II. DO CONTRATO

### SEXTA.- Obxecto. Necesidade e idoneidade

#### 6.1. Obxecto.

O presente contrato ten por obxecto o desenvolvemento do Servizo de impartición de actividades de prevención de deterioro físico, cognitivo e autonomía persoal para maiores do concello de Val do Dubra, xunto cos prestacións concretas e inherentes ao mesmo descritas no PPTP, e a executar consonte o alcance, termos e as condicións especificadas ao respecto no mesmo

#### 6.2. Identificación das prestacións obxecto do contrato segundo o Vocabulario Común fixado pola LCSP. Códigos CPV do contrato.

CPV: 85311100-3. Servizos de Benestar Social proporcionados a anciáns

#### 6.3. Necesidade e idoneidade.

Co obxecto definido para o presente contrato preténdese dar cobertura ás necesidades prestacionais comprendidas no apartado 1, e obxecto de concreta acreditación e descrición na memoria xustificativa da necesidade e idoneidade que figura no expediente, así como no PPTP; e que se corresponden co exercicio de competencias municipais e que, non obstante, e ata o de agora, nunca se tiveron prestado de forma directa, sen que, polo tanto, se dispoña, neste momento, dos medios materiais e persoais necesarios para a súa adecuada e satisfactoria cobertura (segundo se acredita, concretamente, no informe emitido ao efecto na fase preparatoria, así como memoria xustificativa antedita).

Así, atendendo ao que se vén de expoñer e, nomeadamente, pola concorrencia das necesidades prestacionais acreditadas no expediente e para cuxa cobertura se ten acreditado, asemade, que se carece dos medios suficientes e adecuados, estaría obxectivamente





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

xustificado o recurso á contratación agora pretendida; tendo en conta, amais, que o obxecto e contido deste contrato se terían fixado —segundo o definido neste prego, no de prescricións técnicas, e restante documentación obrante no expediente— en directa relación coas ditas necesidades a cubrir e, polo tanto, con idoneidade para a súa satisfacción.

### 6.4. Non división en lotes do obxecto do contrato

Consonte motivado e acreditado nos informes técnicos e na memoria xustificativa da fase preparatoria do contrato (e que figuran no expediente), así como como PPTP, non procede a división en lotes do obxecto do contrato

### 6.5. Outras características/particularidades do contrato.

**6.5.1. Regulación harmonizada:** O presente contrato non estará suxeito regulación harmonizada

**6.5.2. Inscripción Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ou rexistro oficial equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia):** Requirida

**6.5.3. Garantía provisional e definitiva:** Non requiridas

**6.5.4. Revisión de prezos:** Non prevista

**6.5.4. Notificacións/Comunicacións:** Todas as comunicacións que se produzan neste procedemento de licitación realizaranse a través de medios electrónicos, de conformidade co disposto ao efecto na DA 15ª da LCSP.

### SÉTIMA.- Duración do contrato e criterios de execución temporal

O Contrato terá unha duración dun (1) ano, contado dende o inicio da súa execución, con posibilidade de prórroga, nos termos e co alcance do previstos pola LCSP, por dous (2) anos máis dende a finalización do ano inicial (a razón de dúas diferentes e independentes prórrogas anuais: 1+1).

Para proceder á dita prórroga esta deberase acordar expresamente polo órgano de contratación, sen que en ningún caso poida producirse unha prórroga polo consentimento tácito das partes; e resultará obrigatoria para a adxudicataria, sempre que o preaviso da mesma, previo acordo da órgano de contratación, se produza cun mínimo de dous meses de antelación á data de finalización do prazo de duración inicialmente previsto (2 anos).

En todo o non previsto no presente prego, ao respecto da duración e supostos de prórroga do contrato, estarase ao disposto ao respecto no artigo 29 da LCSP, e restantes disposicións normativas de aplicación.

Aos efectos da antedita duración, tomarase como referencia asimilable ao ano de execución do contrato unha edición/prestación íntegra do Servizo obxecto do mesmo, computada dende a data de inicio da primeira das actividades comprendidas neste e a desenvolver pola adxudicataria.

E a súa execución e desenvolvemento efectivo realizaranse consonte os períodos temporais/anuais e horarios previstos para o desenvolvemento de cada unha das edicións anuais do Servizo obxecto do contrato, segundo o indicado ao respecto no PPTP

### OITAVA.- Condicións económicas do contrato. Orzamento base de licitación, valor estimado e prezo.

**8.1. O ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN** do presente contrato será o indicado a continuación, tendo sido determinado atendendo aos prezos de mercado e restantes criterios e desagregación de custes especificados ao respecto no ANEXO III, que se adecúan, en todo caso, ao dispostos ao efecto no artigo 100 da LCSP; e tomando como unidade de referencia a prestación íntegra do Programa obxecto do mesmo:



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

- Importe sen IVE.- 15.642,31 €
- IVE (21%).- 3.284,88 €
- Importe total.- 18.927,19 €

En todo caso, tanto no dito importe, así como no ofertado polos licitadores, entenderanse incluídos tódolos gastos directos e indirectos que a empresa debe realizar para a efectiva execución material do obxecto do contrato, así como os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial.

**Será sobre este orzamento base de licitación sobre o que os licitadores deberán realizar as súas ofertas económicas, que poderán mellorar á baixa o seu importe e que, en ningún caso, o poderán superar;** tendo en conta que se indicará como partida independente, segundo modelo de oferta que se achega como Anexo II deste prego, o importe correspondente ao IVE.

Sendo excluídas aquelas ofertas económicas que, no seu caso, puideran ser consideradas anormalmente baixas, consonte o indicado na cláusula 13

**8.2.** O VALOR ESTIMADO do presente contrato foi determinado segundo o disposto no artigo 101 da LCSP, tendo en conta o orzamento base de licitación antedito (excluíndo o IVE), así como a duración prevista (incluídas as prórrogas previstas)

- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 46.926,93 €

### 8.3. Prezo.

O prezo do contrato corresponderase co importe da oferta económica realizada polo licitador que resulte adjudicatario do mesmo, e que en ningún caso poderá resultar superior ao Orzamento Base de Licitación antes fixado; debendo indicarse, como partida independente, o IVE aplicable.

E procederase ao seu abono e pagamento con arranxo ao especificado na cláusula 27.2.1 deste prego

### 8.4. Revisión de prezos.

Tendo en conta o previsto no artigo 103 da LCSP, así como o obxecto e as condicións concretas de prestación definidas para este contrato, non se contempla a revisión do prezo de adjudicación.

## NOVENA.- Cobertura orzamentaria. Existencia de crédito

O gasto a autorizar, comprometer e no seu caso recoñecer e pagar como consecuencia da formalización e execución do presente contrato financiarase con cargo a aplicacións orzamentaria do presuposto vixente sinalada a continuación, xunto co importe máximo dese gasto imputar no mesmo, figurando no expediente acreditación da existencia do crédito adecuado e suficiente, así como da RC correspondente:

Anualidade/exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
Ano 2024	231 22799	6.070,95 € (IVE incluído)

Non obstante, e dado o carácter plurianual do contrato, no relativo á parte do mesmo a executar nos seguintes exercicios ao da adjudicación, a súa eficacia quedará sometida á condición suspensiva inherente á inexistencia de crédito adecuado e suficiente para as obrigas de gasto derivadas

## III. DOS LICITADORES

### DÉCIMA. Condicións de aptitude para contratar



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

### 10.1. Previsións xerais.

Poderán resultar adxudicatarias do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en ningunha das causas de prohibición de contratar prevista pola LCSP (véxanse artigos 71 a 73), e cumpran coas restantes requisitos esixidos, segundo o establecido/requirido ao efecto no presente prego e, para todo o non previsto no mesmo, nas previsións da LCSP aplicables.

En todo caso, estas condicións/requisitos de aptitude deberán cumprirse da data de finalización do prazo de presentación de ofertas e manterse, asemade, no momento de formalizar el contrato

Á marxe de cumprir coas condicións de aptitude referidas (consonte as condicións mínimas e medios e criterios de acreditación establecidos nas cláusulas seguintes), xunto coa adscripción á execución contractual dos medios materias e persoais mínimos requiridos (segundo o disposto no PPTP, e incluíndo as melloras no seu caso ofertadas), ao contratista non se lle esixirá que conte, a maiores, con ningunha particular/concreta habilitación empresarial ou profesional para a realización das prestacións que constitúen o obxecto del contrato

A concorrencia das condicións de aptitude para contratar serán declaradas/manifestadas polos licitadores coa presentación das proposicións, coa achega da declaración responsable e restante documentación referida ao efecto na cláusula 11.4 deste prego, sen prexuízo da súa posterior comprobación/verificación respecto do licitador proposto como adxudicatario, e segundo o previsto ao efecto nas cláusulas 15 e 16 deste prego.

### 10.2. Exención da acreditación da solvencia económica ou financeira e técnica ou profesional.

De conformidade co establecido no art. 159.6 da LCSP para supostos, como o presente, de licitacións mediante procedemento aberto simplificado con tramitación abreviada/sumaria, os licitadores están exentos de acreditar a solvencia económica ou financeira e técnica ou profesional.

### 10.3. Esixencia de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECSP), ou equivalentes. Acreditación coa mesma das condicións de aptitude requiridas.

De conformidade co establecido no artigo 159.4 da LCSP, por remisión do disposto no apartado final e supletorio do artigo 159.6 para supostos, como o presente, de licitacións mediante procedemento aberto simplificado con tramitación abreviada/sumaria, todos os licitadores que se presenten a este procedemento deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (en diante ROLECSP) ou no Rexistro Oficial equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no artigo 96 da LCSP, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude requiridas neste procedemento licitadores en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo. E a inscrición no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma acreditará idénticas circunstancias aos efectos da presente contratación.

Igualmente, e segundo o disposto no artigo 159.4 e na DA 16ª da LCSP, cando á licitación se presenten empresarios/operadores económicos estranxeiros dun estado membro da Unión Europea ou signatario do espazo económico europeo, a acreditación da súa capacidade e ausencia de prohibicións de contratar poderase realizar, ben mediante consulta na correspondente LISTA OFICIAL DE EMPRESARIOS AUTORIZADOS PARA CONTRATAR ESTABLECIDA POR UN ESTADO MEMBRO DE LA UNIÓN EUROPEA (e sempre que na



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

mesma figuren/consten os datos e/ou información acreditativa correspondente), ou ben mediante a achega da documentación acreditativa dos citados extremos, que deberá presentar, neste último caso e no caso do licitador proposto para a adxudicación, na fase e prazo referidos na cláusula 17 deste prego.

Aos anteditos efectos, e segundo o igualmente disposto no antedito artigo 159.4., tamén se considerará ADMISIBLE A PROPOSICIÓN DO LICITADOR QUE ACREDITE TER PRESENTADO SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO CORRESPONDENTE REXISTRO/LISTA, xunto coa documentación preceptiva para ilo, sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das proposición. E a acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a achega do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de ter achegado a documentación preceptiva e de non ter recibido requirimento de subsanación.

Así, de conformidade co antedito, e en consonancia co tamén disposto no artigo 140.3 en relación coa acreditación das condicións de aptitude requiridas para a contratación, os licitadores propostos para a adxudicación que as atopen inscritos no ROLECSP, Rexistro Oficial equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia, ou figuren na Lista Oficial de Empresarios Autorizados para contratar establecida por un Estado membro da Unión europea ou nunha base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, como un expediente virtual da empresa, un sistema de almacenamento electrónico de documentos ou un sistema de precalificación, e estes sexan accesibles de modo gratuíto para esta Corporación, entenderase que acreditan as condicións de aptitude requiridas para resultar adxudicatarios, sempre que consonte os datos/información contidas nos mesmos se poida comprobar:

- Que a empresa/entidade está debidamente constituída,
- Que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta,
- Que a empresa/entidade licitante no está incurso en ningunha prohibición para contratar.

En todo caso, se o licitador proposto como adxudicatario tivera feito uso da posibilidade de acreditar a presentación da solicitude de inscrición no correspondente Rexistro antes referida e á que alude o inciso final da letra a) do apartado 4 do artigo 159, requiriráselle para que xustifique documentalmente todos os extremos referentes ás condición de aptitude requiridas para este contrato, consonte o indicado ao efecto na cláusula 16, punto 3º)

### 10.4. Condicións especiais de compatibilidade

O órgano de contratación, no marco das medidas a adoptar para garantir que a participación daqueles posibles licitadores que tiveran participado, previamente, na elaboración das especificacións técnicas ou nos documentos preparatorios do contrato, ou tivesen asesorado ao órgano de contratación durante a preparación do procedemento, non falsee a competencia, poderá excluílas deste procedemento de licitación; consonte as condicións, procedemento e efectos previstos ao efecto no artigo 70 da LCSP.

## DECIMO PRIMEIRA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

### 11.1. Previsión xerais.

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo licitador do contido da totalidade das cláusulas e condicións que rexen este procedemento de licitación, sen excepción ou reserva algunha.

Os licitadores presentarán as súas proposición sen que caiban variantes ou alternativas respecto do previsto nos pregos.

As proposicións serán secretas, debendo arbitrarse os medios que garantan tal carácter ata o momento de súa apertura.



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

SINATURA ELECTRÓNICA DE PROPOSICIÓNS e DOCUMENTOS. As proposicións e todos os documentos que a integran e/ou se acompañan deberán ser asinados electronicamente polo licitador ou persoa apoderada/representante con poder suficiente, por algún dos sistemas de sinatura admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

### 11.2 Lugar e prazo de presentación de ofertas

A presente licitación ten carácter exclusivamente electrónico. Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas única e obrigatoriamente de forma electrónica, a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas na Plataforma de Contratación do Sector Público. O emprego destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema.
- A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

As ofertas presentaranse dentro do **prazo de dez (10) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante, exclusivamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público pon a disposición de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.

Por este motivo, para participar nesta licitación resulta necesario que os licitadores interesados se rexistren, no suposto de que non o estean, na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Para garantir a confidencialidade do contido dos arquivos electrónicos que conteñan a oferta ata o momento da súa apertura, a ferramenta cifrará ditos arquivos electrónicos no envío.

Unha vez realizada a presentación, a ferramenta proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento e impresión, co selo de tempo.

### 11.3. Información aos licitadores

Cando sexa preciso solicitar a información adicional ou complementaria a que se refire o artigo 138 da LCSP, a Administración contratante deberá facilitala, polo menos, dous días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, sempre que dita petición se presente cunha antelación mínima de catro días respecto daquela data. Dita solicitude efectuarase á dirección de correo electrónico previsto no anuncio de licitación.

En todo caso, e para no o previsto nesta cláusula en relación coa información aos interesados, estarase ao disposto na cláusula cuarta e artigo 138 e restantes disposicións aplicables da LCSP

### 11.4 Contido das proposicións

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse nun único sobre/arquivo electrónico pechado, asinado polo licitador, no que se fará constar a denominación do sobre/arquivo electrónico e a lenda «Proposición para o procedemento de licitación do contrato administrativo de servizos para o desenvolvemento do "programa municipal de conciliación 2024-25 do concello de Val do Dubra». A denominación do sobre/arquivo electrónico será seguinte:



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

### — SOBRE/ARQUIVO ELECTRÓNICO «A»: Documentación administrativa e proposición económica

Neste inclúranse os seguintes documentos:

**a) Declaración Responsable do licitador sobre o cumprimento das condicións requiridas para contratar (segundo o disposto ao efecto no artigo 159.4.c. da LCSP, e consonte as particularidades previstas para os procedementos abertos simplificados tramitados ao abeiro do disposto no artigo 159.6 da LCSP).**

Así, deberase achegar DECLARACIÓN RESPONSABLE do asinante da proposición respecto de ostentar a representación da empresa/entidade que presenta a oferta, e que non está incurso en prohibición de contratar algunha. Xunto cos restantes extremos sinalados a continuación, de ser procedentes

A declaración responsable presentárase conforme ao modelo incluído no ANEXO I do presente prego.

NO CASO DE QUE A EMPRESA/ENTIDADE LICITANTE RECORRESE ÁS CAPACIDADES/MEDIOS DOUTRAS, neste declaración responsable tamén se advertirá esta circunstancia, manifestando o compromiso ao que se refire o artigo 75.2. da LCSP, (sen prexuízo de que o mesmo se deba achegar no seu caso polo licitador proposto para a adxudicación, de conformidade co disposto no apartado 2 do referido artigo 75); debendo achegar tamén, cada unha destas outras empresas, unha declaración responsable que recolla idéntica información e contidos que os indicados para a declaración responsable ordinaria (referida no parágrafo anterior e segundo modelo que figura no Anexo I deste prego)

Adicionalmente, a PARA O CASO DE QUE A EMPRESA/ENTIDADE LICITADORA FORA ESTRANXEIRA, a declaración responsable incluírá tamén a manifestación do sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir da contratación, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

E no suposto de que oferta se presentara por unha UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESARIOS, deberá achegarse tamén compromiso de constituír a dita unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte da mesma, de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 da LCSP. Así, e aos ditos efectos, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar no dito documento de compromiso a identificación e circunstancias das constituíntes da mesma e a participación de cada unha, así como a manifestación expresa de que se comprometen a constituírse formalmente en unión temporal de empresarios en caso de resultar adxudicatarios del contrato. Debendo achegar tamén, cada unha das empresas integrantes, unha declaración responsable que recolla idéntica información e contidos que os indicado para a declaración responsable ordinaria (referida no parágrafo anterior e segundo modelo que figura no Anexo I deste prego)

### **B) Proposición económica e melloras.**

Presentárase conforme ao modelo que figura como Anexo II.

## IV. DA ADXUDICACIÓN

### DUODÉCIMA. Criterios de Adxudicación

#### 12.1. Consideración xerais.

O contrato adxudicárase ao licitador que presente, para a súa execución, a oferta que resulte economicamente máis vantaxosa, entendida como a que ofrezca mellor relación calidade-prezo, e que se determinará aplicando e valorando/ponderando varios criterios de adxudicación,





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

segundo o indicado a continuación, e todos eles cuantificables automaticamente, consonte o disposto ao efecto, e para procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada, no artigo 159.6

NON SE ADMITIRÁN A PRESENTACIÓN DE VARIANTES POR PARTE DOS LICITADORES, con arranxo ao disposto ao efecto no artigo 142 da LCSP.

A Mesa de Contratación será o órgano encargado de efectuar a valoración das ofertas dos licitadores, atendendo aos criterios de adxudicación establecidos a continuación.

### 12.2. Criterios de adxudicación aplicables

#### 12.2.1. Prezo: De 0 a 6 puntos.

Procederáse á valoración do prezo ofertado para a execución do contrato xunto coas proposicións económicas presentadas polos licitadores, que será obxecto de puntuación, ata o dito máximo de 6 puntos, aplicando a seguinte FÓRMULA:

- Fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, que está dispoñible na seguinte páxina web: (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

En todo caso, serán excluídas aquelas ofertas que, no seu caso, puideran ser consideradas ANORMALMENTE BAIXAS, consonte o indicado na cláusula 13, ou que superen o importe (sen IVE) do Orzamento Base de Licitación.

#### 12.2.3. Melloras: De 0 a 4 puntos.

Valoraranse as melloras ofertadas polos licitadores que se especifican a continuación, entendidas como prestacións a maiores das definidas como inherentes ao obxecto do contrato no prego de prescricións técnicas, e nos termos do disposto ao respecto no artigo 145.6 da LCSP. En todo caso, as melloras no seu caso propostas polos licitador que resulte adxudicatario pasarán a formar parte do contrato, e das obrigas inherentes, e non poderán ser obxecto de modificación

#### a) Mellora respecto dos medios persoais mínimos a adscribir á execución do Servizo obxecto do contrato, segundo o previsto no prego de PPTP: ata un máximo e 2 puntos

A valoración desta mellora realizarase consonte a criterios obxectivos e de cuantificación automática, conforme o indicado a continuación:

- Oferta dun (1) ou máis monitores/as a maiores do número mínimo esixido: 1 punto
- Oferta doutro persoal diferente e a maiores do mínimo de monitores/as esixido, e coa seguinte categoría/condición profesional: traballador/a social, educador/a social ou terapeuta ocupacional, ou legalmente equivalentes; 1 punto

#### b) Mellora respecto das horas de prestación previstas para execución do Programa obxecto do contrato, ata un máximo de 2 puntos

Valorarase as horas de prestación ofertadas a maiores das inicialmente previstas, segundo o indicado no prego de PPTP, para cada edición íntegra do Servizo obxecto do contrato (960 horas), co fin de adicalas a tarefas de preparación e seguimento do mesmo ou, no seu caso, as posibles necesidades a maiores cuxa cobertura se puidera requirir.

A valoración desta mellora realizarase consonte a criterios obxectivos e de cuantificación automática, conforme o indicado a continuación:

- Ata un 10% de horas a maiores das previstas: 0,50 puntos
- Ata un 15% de horas a maiores das previstas: 1,25 puntos
- Ata un 20% de horas a maiores das previstas : 2 puntos

### DÉCIMO TERCEIRA. Ofertas anormalmente baixas



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Para a exclusión dunha oferta por considerarse inviable ao ter sido formulada en termos que a fagan anormalmente baixa, deberase estar aos criterios e procedemento fixados ao efecto no artigo 149 da LCSP, así como na presente cláusula.

A mesa de contratación identificará as ofertas que se atopen incursas en presunción de anormalidade, por aplicación dos parámetros obxectivos contemplados ao efecto no artigo 85 do RGLCAP ( Real Decreto 1098/2001).

Cando en aplicación dos anteditos parámetros a Mesa de Contratación tivera identificado unha ou varias ofertas en presunción de anormalidade, concederá aos licitadores afectados un prazo de cinco (5) días hábiles para que poidan presentar unha xustificación axeitada das circunstancias que lles permiten executar dita oferta nesas condicións, consonte o que se sinala ao respecto no artigo 149.4 da LCSP

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel de prezos e custes propostos polo licitador cando esta sexa incompleta, ou se fundamente en hipóteses ou prácticas inadecuadas dende un punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Recibidas as xustificacións, a Mesa poderá solicitar un informe técnico, preferentemente ao empregado/servizo/técnico que teña elaborado o prego de prescricións técnicas ou o estudo económico/de custes do contrato, ou a todos en conxunto, para que analice detalladamente as motivacións que argumente o licitador para poder manter a súa oferta.

En todo caso, rexeitaranse as ofertas que se comprobren que son anormalmente baixas por vulnerar o normativa sobre subcontratación, ou non cumprir as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do artigo 201 da LCSP

Á vista das xustificacións achegadas polos contratistas e, no seu caso, do informe técnico que as analice, a Mesa de Contratación proporá ao órgano de contratación, motivadamente, a admisión ou a exclusión da oferta en presunción de anormalidade.

De conformidade co art. 107.2 da LCSP, prevese a presentación de GARANTÍA COMPLEMENTARIA nos casos en que a oferta do adxudicatario resultase inicialmente incursa en presunción de anormalidade. O importe desta garantía complementaria ascende a un 5% do prezo final ofertado polo licitador que presentou a mellor oferta.

### **DÉCIMO CUARTA. Preferencias de Adjudicación en caso de Empates**

Nos casos nos que, tras a aplicación dos criterios de adjudicación anteditos, se producise un empate nas puntuacións coas que se tivesen valorado as proposicións de dous os máis licitadores, e ao efectos da súa concreta e necesaria clasificación e conseguinte proposta de adjudicación, estarase aos criterios de desempate fixados a continuación:

1º: Maior puntuación acadada pola valoración no criterio de “melloras”.

2º: Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social na plantillas respectivas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en plantilla ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión na plantilla (atendendo aos datos referidos ao momento de finalización do prazo de presentación de ofertas).

3º. E de seguir existindo empates, estes resolveranse acudindo aos criterios previstos ao efecto nos nos parágrafos b), c) e d) do artigo 147.2 da LCSP, e pola orde de prelación indicada no mesmo

En todo caso, a documentación acreditativa dos criterios de desempate referidos será achegada polos licitadores, previo requirimento ao efecto, e tras o momento en que se produza o dito empate, e non con carácter previo.

### **DÉCIMO QUINTA. Mesa de Contratación**



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

**15.1** A mesa de contratación, en tanto que órgano de asistencia técnica especializada ao órgano de contratación, será a encargada e cualificar a documentación administrativa e efectuar a valoración das ofertas presentada polos licitadores, así como de exercer as restantes as funcións que lle atribúe a LCSP (artigo 326.2.); e adecuará a súa composición e funcionamento ao previsto, con carácter xeral, neste mesmo artigo, así como ao especificamente contemplado, para as entidades locais, no apartado 7 da disposición adicional segunda da propia LCSP

Así, e con arranxo ao antedito, a mesa de contratación terá a seguinte composición

- Presidente, que será o Concelleiro/a de Servizos Sociais ou concelleiro no que delegue.
- Vogais:
  - 1º Vogal: funcionaria en propiedade ao servizo do Concello de Val do Dubra e ocupante da praza de Traballadora Social.
  - 2º Vogal de Servizos xurídicos: Dona María Cristina Varela García, Secretaria-Interventora (acumulada) do Concello, ou funcionario que exerza en cada momento a Secretaria-intervención municipal.
- Secretario/a da mesa: José Antonio Noya Gonzalez, funcionario en propiedade ao servizo do Concello e ocupante dunha praza de auxiliar de servizos Sociais

En todo caso, a Mesa considerarase validamente constituída de cumprírense os criterios mínimos fixados, ao efecto, no artigo 326 da LCSP.

**15.2.** A composición da mesa de contratación, ou a variación no seu caso producida na mesma, será obxecto de publicación publicarase no perfil do contratante do Concello (ubicado na Plataforma de contratación do Sector Público)

**15.3.** A Mesa de Contratación poderá solicitar o asesoramento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato. Dita asistencia será autorizada polo órgano de contratación e deberá ser reflectida no expediente, con referencia expresa ás identidades dos técnicos e/ou expertos asistentes, a súa formación e a súa experiencia profesional.

### **DÉCIMO SEXTA. Apertura, exame, clasificación das proposicións/ofertas e proposta de adxudicación.**

A Mesa de Contratación constituirase o primeiro día hábil seguinte á finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 10:00 horas. Esta data esta suxeita a variacións, que se publicarán na Plataforma de Contratación do Sector Público.

A mesa de contratación será a encargada da apertura do único sobre/arquivo electrónico achegado polos licitadores, cualificar a documentación administrativa e efectuar a valoración e clasificación das ofertas que teñan presentado os licitadores, consonte o disposto ao afecto no artigo 159.4 da LCSP (e con arranxo á particularidades previstas no artigo 159.6 para os procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada):

Así, tras a apertura do sobre/arquivo electrónico, na mesma sesión, a Mesa procederá a:

1.º Previa exclusión, de ser o caso, daquelas ofertas que no cumpran cos requirimentos fixados neste prego (e, polo tanto, tras cualificar a documentación administrativa requirida, segundo o disposto no apartado a) da cláusula 11.4.), avaliar/valorar as ofertas (documentación referida nos apartados b) e c) da cláusula 11.4) aplicando os criterios de adxudicación previstos na cláusula 12.2 deste prego), para finalmente e clasificalas, atendendo á puntuación resultante da dita avaliación previa (e tras a aplicación, de ser necesario, dos criterios de desempate previstos neste prego).



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

2º. Realizar proposta de adxudicación en favor do licitador mellor clasificado, por ter acadado a mellor puntuación.

3º. Realizada a proposta de adxudicación, a mesa de contratación procederá, no mesmo acto, a comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas (ou equivalentes referidos na cláusula 10.3 deste prego, segundo o disposto pola LCSP), que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

En todo caso, se o licitador proposto como adxudicatario tivera feito uso da posibilidade de acreditar a presentación da solicitude de inscrición no correspondente Rexistro antes referida e á que alude o inciso final da letra a) do apartado 4 do artigo 159, e dita inscrición aínda non se tivera formalizado, requiriráselle para que xustifique documentalmente todos os extremos referentes ás condición de aptitude requiridas para este contrato indicados neste punto

Debendo advertir, a este respecto, e consonte o disposto no artigo 139.1 LCSP, que a presentación das proposicións supón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para realizar esta consulta e comprobación.

### DECIMO SÉTIMA. Requiremento de Documentación

17.1. Consonte o disposto ao respecto no antedito artigo 159.4, no mesmo acto referido na cláusula anterior, a mesa de contratación requirirá ao licitador proposto como adxudicatario, mediante comunicación electrónica, para que dentro do prazo de sete (7) días hábiles, dende a data do envío da comunicación, achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP, de ser o caso (véxase cláusula 11.4.b) e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios materiais e persoais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o requirido no PPTP e o ofertado na súa proposición (incluíndo as melloras no seu caso ofertadas respecto dos medios persoais).

E aos efectos da acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais/materias a adscribir á execución do contrato deberá achegar:

- No referido aos recursos/medios persoais:

- Relación detallada do persoal a adscribir (incluído, no seu caso, o que se teña ofertado como mellora), que deberán adecuarse, en todo caso, ao comprometido polo contratista na proposición presentada ao efecto no procedemento de licitación (incluíndo as melloras); con indicación de:

- Os seus datos persoais (nome e DNI ou documento identificativo equivalente), categoría/condición profesional, e titulación/formación e aqueloutros requisitos acreditados polo dito persoal, consonte os mínimos requiridos no PPTP.
- Os documentos oficias/fidedignos acreditativos do indicado e requirido no apartado anterior en relación co persoal a adscribir e, polo tanto, da súa efectiva contratación e alta na seguridade social para o primeiro día de execución da actividade coa que se comece a execución do contrato, así como da titulación/formación e aqueloutros requisitos acreditados

- En relación cos recursos/medios materiais:

- Relación detallada do material e equipamento a adscribir ao desenvolvemento das actividades a desenvolver no marco do Servizo obxecto do contrato; e que deberá adecuarse, en todo caso, ao comprometido polo contratista na proposición presentada ao efecto no procedemento de licitación (así como no Documento-Proposta para a prestación do servizo obxecto do contrato, que o adxudicatario deberá presentar, consonte os termos e contidos indicados ao efecto no PPTP, antes de iniciar a prestación do mesmo e das actividades inherentes)



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Debéndose requirir, asemade, aqueloutra documentación xustificativa indicada neste pregos para os supostos de licitadores estranxeiros dun estado membro da Unión Europea ou signatario do espazo económico europeo non inscritos na LISTA OFICIAL DE EMPRESARIOS AUTORIZADOS PARA CONTRATAR ESTABLECIDA POR UN ESTADO MEMBRO DE LA UNIÓN EUROPEA (véxase a cláusula 10.3), ou no caso de Unións Temporais de Empresarios (véxase a cláusula 11.4.a).

**17.2.** No caso de que no prazo outorgado ao efecto ao licitador proposto como adxudicatario non presente a documentación requirida, nos termos anteditos, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para achegar a mesma documentación antes referida.

**17.3.** En todo caso, e sen prexuízo do antedito, o órgano de contratación non poderá DECLARAR DESERTA esta licitación cando exista algunha oferta/proposición que sexa admisible/non fora excluída, con arranxo aos criterios fixados ao efecto nos pregos.

Asemade, e de conformidade co disposto no artigo 152 LCSP, a DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU CELEBRAR O CONTRATO, OU O DESISTIMENTO DO PROCEDIMENTO, poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización. Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. O desistimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa invocada.

### **DÉCIMO OITAVA. Garantía Definitiva**

De conformidade co disposto no art. 159.6.f da LCSP, non se requirirá a constitución da garantía definitiva.

### **DÉCIMO NOVENA. Adxudicación e formalización Contrato**

**19.1.** Presentada a documentación esixida, nun prazo non superior a 5 días, procederase a adxudicar o contrato en favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado o mesmo, á súa formalización.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos licitadores por medios electrónicos e, simultaneamente, publicarase anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo máximo de 15 días, todo isto de conformidade co artigo 151 da LCSP.

Dende o momento en que se notifique a adxudicación do contrato, as ofertas presentadas e a documentación relativa á valoración das mesmas serán accesibles de forma aberta por medios informáticos.

Na resolución de adxudicación do contrato requiriráselle ao adxudicatario para a presentación, antes da formalización do contrato, da documentación acreditativa do cumprimento do esixido nestes pregos (cláusula 27.2.3) ao respecto da súa responsabilidade ante terceiros (FORMALIZACIÓN/DISPONIBILIDADE DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL, con cobertura polo importe mínimo indicado na dita cláusula 27.2.3).

Tamén se lle indicará que deberá presentar, antes de iniciar a prestación do obxecto do contrato e cas actividades inherentes, O DOCUMENTO-PROPOSTA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO a desenvolver, consonte os termos e contidos indicados ao efecto no PPTP,

**19.2.** En todo caso, a FORMALIZACIÓN DEL CONTRATO poderá efectuarse mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

### V.- EFECTOS, CUMPRIMENTO, EXECUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

#### VIXÉSIMA. Condicións Especiais de Execución do Contrato

Establécense as seguintes condicións especiais de execución do contrato, de acordo co establecido no artigo 202 da LCSP.

- Cumprimento do convenio colectivo aplicable: o adxudicatario, ademais de cumprir, respecto dos traballadores/as vinculados/as á execución do contrato, as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en material laboral, de seguridade social e De seguridade e saúde no traballo, deberá cumprir o Convenio colectivo aplicable, respectando as condicións que, respecto da subrogación de traballadores/as se establezan en dito convenio e abonando, en todo caso e cando menos, o salario recollido no mesmo segundo a categoría profesional que lle corresponda á/ao traballador/a (e respectando, en todo caso, o salario mínimo interprofesional vixente en cada momento)

#### VIXÉSIMO PRIMEIRA. Modificacións contractuais inicialmente previstas

Non se contemplan modificacións contractuais inicialmente previstas. Sen prexuízo de que que en relación coas posibles modificacións contractuais non previstas se estará aos supostos, criterios, límites, procedemento e efectos fixados ao respecto na LCSP (véxanse os artigos 205 a 207 da LCSP)

#### VIXÉSIMO SEGUNDA. Sucesión na Persoa do Contratista

Nos casos de fusión, escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas continuará o contrato vixente coa entidade resultante, que quedará subrogada nos dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo, si se producen as condicións esixidas no artigo 98 da LCSP

É obriga do contratista comunicar fidedignamente á Administración calquera cambio que afecte á súa personalidade xurídica, suspendéndose o cómputo dos prazos legalmente previsto para o abono das facturas correspondentes ata que se verifique o cumprimento das condicións da subrogación no seu caso concorrente.

Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias, resolverase o mesmo, considerándose para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do contratista.

En todo o non previsto neste prego respecto da sucesión, estarase ao disposto ao efecto na LCSP (véxase o artigo 98) e restante normativa de aplicación

#### VIXÉSIMO TERCEIRA. Subcontratación

**23.1.** Autorízase a subcontratación parcial das prestacións accesorias obxecto do contrato, nos termos e coas condicións que establece o artigo 215 da LCSP, e consonte o indicado a continuación.

En todo caso a subcontratación deberá realizarse cumprindo os requisitos e condicións básicos seguintes:

a) Comunicación previa e por escrito ao Concello do adxudicatario dos datos seguintes en relación con cada subcontrato que pretenda realizar:

- Identificación do subcontratista, cos seus datos de personalidade, capacidade e solvencia.
- Identificación das partes do contrato a realizar polo subcontratista.
- Importe das prestacións a subcontratar.





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

b) Non poderá subcontratarse con persoas ou empresas inhabilitadas para contratar coa Administración nin carentes da capacidade, solvencia e habilitación profesional precisa para executar as prestacións concretas que se subcontratan.

c) O contratista que subcontrate deberá comprobar con carácter previo ao comezo dos traballos que subcontrate, a afiliación e alta na Seguridade Social dos traballadores que vaian realizar os traballos en cuestión, en cumprimento do establecido no Real Decreto-lei 5/2011, de 29 de abril, de medidas para a regularización e control do emprego mergullado e fomento da rehabilitación de vivendas (e restante normativa concordante)

d) O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

e) Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Concello, con arranxo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares e aos termos do contrato, sen que o coñecemento por parte do Concello da existencia de subcontratacións altere a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

f) O contratista deberá abonar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións que realicen como mínimo nos prazos previstos en a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para garantir tal cumprimento, con cada facturación ao Concello deberá o contratista achegar o xustificante do pago dos traballos realizados no mes anterior polas empresas ou autónomos que subcontrate no marco do presente contrato.

**23.2.** No caso de subcontratacións que difiran do formalmente comunicado, consonte o antedito, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados ou por referirse a partes da prestación diferentes das sinaladas, non poderán celebrarse ata que transcorran 20 días dende que se notifique e acredite o cumprimento dos requisitos do apartado anterior.

**23.3.** A falta de comunicación da celebración de subcontratos, a falta de acreditación da aptitude do subcontratista, así como a infracción ou incumprimento dos restantes requisitos establecidos no artigo 215 da LCSP e nesta cláusula, e en función da repercusión na execución del contrato, terá, entre outras previstas pola normativa, algunha das seguintes consecuencias:

- Dará lugar á imposición de penalidade de ata o 50% do importe do subcontrato
- Ou ben, no seu caso, á resolución do contrato; sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211 da LCSP

**23.4.** A subcontratación das prestacións obxecto do contrato por parte do contratista non poderá ser causa para eludir o cumprimento, por parte deste último, das condicións esenciais de execución nin de ningunha obriga establecida nos pregos reguladores da contratación.

**23.5.** O contratista está obrigado a aboar aos subcontratistas o prezo pactado entre eles, debendo cumprir o establecido, ao respecto, no artigo 216 da LCSP.

**23.6.** De conformidade co artigo 217 da LCSP, a administración contrante poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia, o contratista está obrigado a pagar aos subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos, e xustificar esta circunstancia ante o Concello, cando así se lle requira.

**23.7.** As obrigas sinaladas anteriormente, ao respecto da subcontratación, teñen a consideración de **condicións esenciais** de execución; e o seu incumprimento poderá dar lugar á imposición das penalidades previstas neste prego así como, de ser o caso, á resolución do contrato (de conformidade ao disposto no artigo 211 da LCSP).



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Aos efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP, faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas poderá dar lugar á resolución deste contrato, dada a cualificación de obriga esencial que ao dito pagamento se lle confire neste prego.

**23.8.** En todo o non previsto neste prego respecto da sucesión, estarase ao disposto ao efecto na LCSP (véxase os artigos artigos 215 a 217) e restante normativa de aplicación

### CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Cesión do Contrato

**24.1.** Os dereitos e obrigas dimanantes do presente contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro, sempre se cumpran os supostos, requisitos e condicións establecidos, ao efecto, no artigo 214.2 LCSP; e que da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, letra b) do artigo 214 LCSP, non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contrato si estas constitúen un elemento esencial do mesmo.

De producirse a cesión, por cumprimento das condicións requiridas, o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente

**24.2** En relación coa posibilidade da cesión do contrato, e en todo o non previsto no presente prego, estarase ao establecido ao respecto na artigo 214 da LCSP.

### VIXÉSIMO QUINTA.- Suspensión do contrato

**25.1.** A Administración, para a realización de obras de reforma das instalacións onde se executará o presente contrato, poderá dispoñer a suspensión do mesmo cando a realización daquelas fíxese absolutamente incompatible coa execución efectivas das prestacións inherentes ao seu obxecto. Dita suspensión non será indemnizable ao contratista, salvo cando a súa duración sexa superior a un mes continuado, ou dous meses en períodos alternos contados durante a duración prevista do contrato

**25.2.** O contratista poderá solicitar a suspensión da obrigación de realización do obxecto do contrato cando existisen causas de forza maior ou extraordinarias, non imputables a este, que impidan a prestación do servizo; sen que se consideren como tales, e sexan admisibles a tales efectos, a folga ou conflito colectivo laboral do persoal ao servizo do contratista ou subcontratistas, nin as dificultades financeiras da empresa. A autorización do Concello, ao respecto da dita suspensión, quedará supeditada á efectiva constatación das circunstancias alegadas.

No caso de suspensión do servizo por causas imputables ao contratista, en supostos distintos aos previstos no parágrafo anterior (incluíndose expresamente a suspensión por folga ou conflito colectivo do persoal ao servizo do contratista ou subcontratistas, ou dificultades financeiras), o contratista estará obrigado á indemnización dos danos e prexuízos causados ao Concello ou a terceiros, de acordo co criterios recollidos neste prego; e a Administración poderá exercer as potestades recoñecidas para tales supostos, por este prego e a LCSP e, nomeadamente:

- Proceder á contratación do servizo cun terceiro, ou realizalo con medios propios á conta do contratista
- Acordar a resolución do contrato
- Impoñer ao contratista as penalidades correspondentes, segundo o previsto neste prego, para supostos de cumprimento defectuoso do obxecto do contrato

No caso particular de folga ou conflito colectivo do persoal, o Alcalde-Presidente será o órgano competente para a fixación dos servizos mínimos correspondentes; para o que o contratista deberá dirixirse ao Concello coa antelación legal suficiente, detallando as datas de celebración.



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

**25.3.** Á marxe dos supostos sinalados anteriormente, e por razóns de interese público, o Concello poderá acordar a suspensión da execución do contrato. Igualmente, procederá a suspensión do contrato si se dese a circunstancia sinalada no artigo 198.5 da LCSP.

De conformidade co artigo 208 LCSP, se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 LCSP, a Administración aboará ao contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este con suxeición ás regras establecidas no artigo 208 LCSP

**25.4.** A efectos da suspensión do contrato, en todo o non previsto no presente prego, estarase ao disposto no artigo 208 da LCSP, así como no artigo 103 do Regulamento da Lei de Contratos

### VIXÉSIMO SEXTA.- Prerrogativas da Administración

**26.1.** O órgano de contratación (Alcaldía ou órgano municipal no que no seu caso teña delegado esta competencia), en tanto que depositario da representación do Concello en materia contractual e facultado para a adxudicación do contrato, e de conformidade ao disposto nos artigos 190 e 191 da LCSP, e dentro dos límites e con suxeición aos termos, requisitos e efectos sinalados nos pregos reguladores e normativa aplicable, terá as prerrogativas de; interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a súa execución, acordar a súa resolución e determinacións dos seus efectos, así como a imposición de penalidades e tipificación de infraccións que, no seu caso, procedan. E, igualmente, o órgano de contratación posuirá as facultades formais de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na LCSP e nos pregos reguladores; e ilo sen prexuízo das funcións de seguimento e execución ordinaria que asumirá a unidade encargada ao respecto, así como da supervisión operativa e directa, e funcións inherentes, atribuídas ao responsable de contrato a designar polo órgano de contratación (nos termos do disposto, ao respecto, na cláusula 29.4 dos presentes pregos, e prescrición 8.2 do PPTP).

**26.2.** Os procedementos para a adopción de acordos relativos ao exercicio das prerrogativas e facultades referidas anteriormente, instruiranse de conformidade co disposto no artigo 191 da LCSP, garantíndose, en todo caso, a audiencia do contratista, así como os restantes dereitos do mesmo. E os acordos que, ao respecto, adopte o órgano de contratación, porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos; non obstante, contra os mesmos haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, conforme ao disposto pola normativa reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición, e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que, consonte a dereito, os interesados estimen procedente.

**26.3.** No referido ao exercicio das anteditas prerrogativas, e en todo o non previsto nos pregos, así como na LCSP, estarase ás previsións normativas reguladoras do procedemento administrativo común e réxime xurídico do Sector Público que, no seu caso, resulten de aplicación.

### VIXÉSIMO SÉTIMA.- Dereitos e Obrigas das Partes

#### 27.1. Administración

Sen prexuízo das obrigas e dereitos inherentes á prerrogativas sinaladas na cláusula anterior e aos dereitos e obrigas do contratista, así como dos derivados con carácter xeral do disposto ao efecto na LCSP. á administración contratante, en tanto que titular e responsable legal do Programa obxecto do contrato, e ao abeiro das competencias recoñecidas ao respecto,

*Val do Dubra, naturalmente*



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

corresponderalle a regulación e organización formal do mesmo; o que implicará obrigas e atribucións funcionais referidas no PPTP (véxase a prescrición 1.4)

### 27.2. Contratista

#### 27.2.1. Abonos ao contratista

O contratista terá dereito ao abono do prezo convido, e polo que se tivo acordado a adjudicación do contrato, previa acreditación da execución efectiva das prestacións obxecto do mesmo; e, todo ilo, segundo o fixado nesta cláusula, no contrato, no artigo 198 da LCSP e restantes normativa de aplicación.

O dito abono farase mediante pagamentos parciais, correspondentes a cada un dos meses naturais de prestación contractual; a razón das horas efectivamente prestadas multiplicadas polo importe do prezo/hora (sen IVE) de adjudicación (calculado dividindo o importe total sen IVE do prezo de adjudicación, entre as 960 horas máximas de prestación íntegra de cada edición do Servizo obxecto do contrato).

O ditos pagamentos realizarase, nos termos referidos, tras a efectiva realización das actividades inherentes ao obxecto do contrato (e comprometidas polo adjudicatario), e contra factura expedida polo contratista e debidamente conformada polo responsable do contrato (para a acreditación da efectiva e adecuada execución das prestacións inherentes, consonte as condicións e obrigas comprometidas polo adjudicatario); e con suxeición, en todo caso, ao disposto nos artigos 198 e 199 da LCSP e normativa concordante.

Só se admitirá a facturación electrónica e, consecuentemente as facturas serán presentadas a través de FACE, e aos ditos efectos, e ademais daqueles outros aspectos xerais legalmente obrigados/requiridos para para a elaboración de facturas ( datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, e aqueloutra normativa concordante), deberán incluír os extremos e códigos de identificación correspondentes, previstos no apartado segundo da Disposición adicional trixésimo segunda da LCSP, así como na normativa sobre facturación electrónica:

Destinatario	Concello de Val do Dubra	NIF	P1508900F
Oficina contable	Secretaría-Intervención	CÓDIGO DIR3	LA0002797
Órgano Xestor	Alcaldía	CÓDIGO DIR3	LA0002796
Unidade Tramitadora	Concello de Val do Dubra	CÓDIGO DIR3	LA0002799

A presentación da factura a través de Face equivalerá a súa presentación a través de rexistro administrativo.

Igualmente, nas facturas presentado segundo o antedito tamén deberán constar as horas efectivas de prestación da respectiva actividades comprendida no Programa obxecto do contrato e facturación, así como o importe das mesmas, consonte o indicado anteriormete; debendo desglosar/indicar,, asemade, que parte do dito importe se corresponde con custes de persoal

Xunto coa dita factura deberase presentar a FOLLA DE CONTROL referida na cláusula 29.3

O contratista deberá presentar a factura nun rexistro administrativo no prazo de 30 días desde a data da prestación.

De acordo co establecido no artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración terá obrigación de abonar o prezo dentro do trinta días



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos bens entregados co disposto no contrato, sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210, e se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos en a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o devengo de intereses, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Por outra banda, a Administración deberá aprobar/configurar os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato.

### **27.2.2. Obrigas laborais, sociais e de transparencia**

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral e de seguridade social. Así mesmo, está obrigado ao cumprimento do Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (e normativa substitutiva/concordante), da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (e normativa substitutiva/concordante), da Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais, e do Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobado por Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, (e normativa substitutiva/concordante), así como das restantes normas que nos anteditos ámbitos, se promulguen e estean vixentes durante a execución do contrato.

O contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, o adxudicatario do contrato está obrigado a fornecer á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigacións previstas na citada norma, así como naquelas normas que se diten no ámbito municipal.

### **27.2.3. Responsabilidade do Contratista. Seguro de responsabilidade civil. Indemnizacións de danos e prexuízos causados a terceiros.**

O contratista será responsable da correcta execución dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como da calidade técnica e adecuación dos traballos a desenvolver, en execución do obxecto do contrato; así como das consecuencias que se deduzan para a Administración, ou para terceiros, como consecuencia das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións/actuacións incorrectas na execución do contrato.

De conformidade co disposto no artigo 196 LCSP, o contratista será responsable de tódolos danos e prexuízos directos e indirectos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Se os danos e prexuízos ocasionados foran consecuencia inmediata e directa dunha orde dada pola Administración, esta será a responsable, dentro dos límites sinalados na normativa de referencia.

Aos efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario, por danos fronte a terceiros (persoais ou materiais) e por causa imputable á empresa, ou a calquera dos seus elementos adscritos ao contrato, O CONTRATISTA DEBERÁ TER CONCERTADO UN SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL CUNHA COBERTURA POR IMPORTE MINIMO DE 600.000 EUROS; debendo figurar de forma expresa, na póliza correspondente, a cobertura incluída por danos e prexuízos que se causen a terceiros. E o adxudicatario estará obrigado a





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

manter a vixencia do dito seguro, nas condicións antes descritas, dende a sinatura do contrato e ata a finalización deste.

E todo ilo deberá acreditarse antes da formalización do contrato, mediante achega de copia da póliza/contrato correspondente, xunto con copia/recibo do pagamento da prima que xustifique a súa vixencia e validez. Igualmente, achegará no prazo máximo de 15 días, dende os sucesivos vencementos periódicos da vixencia inicial, copia/recibo de novo pagamento que acredite a renovación/continuidade do mesmo.

### **27.2.4. Restantes obrigas, con natureza de obrigas/condición contractuais esenciais. E cuxo incumprimento esenciais poden ser causa de resolución do contrato.**

Terán a condición de obrigas esenciais de execución do contrato, as seguintes:

- O cumprimento do ofertado polo adxudicatario en todo aquilo que sexa obxecto de valoración de acordo cos criterios de adxudicación establecidos para o contrato.
- As obrigas establecidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares en relación coa subcontratación.
- As obrigas establecidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares en relación coa adscrición de medios persoais e materiais á execución do contrato.
- O cumprimento estrito das medidas de seguridade e saúde previstas na normativa vixente e no plan de seguridade e saúde.
- O pago dos salarios aos traballadores e a súa retención de IRPF, así como o abono puntual das cotas correspondentes á Seguridade Social.
- O incumprimento do prazo de execución.

Para controlar o cumprimento destas obrigas contractuais esenciais, o adxudicatario debe presentar trimestralmente ante a unidade administrativa que tramitou o contrato, a seguinte información:

— Os documentos xustificativos dos pagos salariais e á Seguridade Social, así como dos realizados aos subcontratistas.

— Informe especificativo das actuacións que realiza para o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade e saúde laboral, indicando as incidencias que se produciron respecto diso en cada trimestre.

O responsable municipal do contrato elaborará un informe sobre o cumprimento de devandita xustificación. Nese informe farase tamén expresa referencia ao cumprimento das obrigacións indicadas nesta cláusula en relación co persoal adscrito ao contrato.

Sen o devandito informe favorable non se dará curso ao pago da factura correspondente e iniciarase de inmediato un expediente de penalización ou de resolución do contrato, segundo o que no seu caso proceda, consonte o previsto na LCSP

### **27.2.5. Gastos exixibles ao contratista**

Serán de conta do Contratista os gastos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, no seu caso, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

### **27.2.6. Obrigas relativas á xestión de permisos, licenzas e autorizacións**

O contratista estará obrigado, salvo que o órgano de contratación decida xestionalo en por si e así llo faga saber de forma expresa, a xestionar os permisos, licenzas e autorizacións establecidas nas ordenanzas municipais e nas normas de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarias para o inicio, execución das prestacións obxecto do contrato, solicitando da Administración os documentos que para iso sexan necesarios.





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

### VIXÉSIMO OITAVA.- Risco e ventura

A execución do contrato realizarase por risco e ventura do contratista, segundo o disposto ao efecto no artigo 197 LCSP, e sen prexuízo do establecido no artigo 239 LCSP

### VIXÉSIMO NOVENA.- Execución do contrato. Supervisión, control e responsable do contrato

**29.1.** O obxecto do contrato e, polo tanto, as actuacións e prestacións inherentes, executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no de prescricións técnicas, así como ao previsto no contrato formalizado ao efecto e na normativa de aplicación; e, en todo caso, con arranxo ás instrucións e directrices que, na súa aplicación e interpretación, e con arranxo ás prerrogativas e potestades recoñecidas ao órgano de contratación, sexan trasladadas por este, de forma directa, ou ben a través do responsable do contrato designado ao efecto (segundo atribucións funcionais previstas, para este figura, neste prego e no artigo 62 da LCSP).

**29.2.** A administración contratante, xa sexa por medio dos seus propios medios, ou ben mediante a contratación de medios externos, poderá solicitar ao contratista toda clase de información documental, incluída a información contable e tributaria, e facer inspeccións para comprobar o cumprimento das obrigacións derivadas da normativa reguladora e do propio contrato.

**29.3.** A empresa adjudicataria, como mecanismo de verificación sobre o cumprimento dos servizos prestados, facilitará xunto coa factura correspondente, unha FOLLA DE CONTROL cun resumo de actuacións realizadas durante o respectivo período de facturación. Con indicación expresa dos traballos de prestación ordinaria así como, no seu caso, dos de natureza extraordinaria (entendendo, como tales, os que se considere que exceden e/ou non se corresponden ao fixado nos pregos e contrato; clarificando o motivo e condicións desta prestación extraordinaria). Estes documentos (factura e folla de control) servirán para a verificación dos servizos prestados e a correspondente facturación, quedando o Concello á marxe de calquera cuestión de índole laboral que puidese derivarse (tendo en conta que corresponde á empresa adjudicataria o poder de dirección e organización dos seus traballadores).

**29.4.** O órgano de contratación designará, na resolución de adjudicación, un RESPONSABLE DO CONTRATO; ao que lle corresponderá, de acordo co disposto no artigo 62.1 LCSP, supervisar a súa execución e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito das facultades que se lle atribuirán, segundo se indica a continuación:

- Emitir informes sobre cumprimento, desviacións e/ou aquelas outras incidencias/aspectos relativos á execución do obxecto do contrato, así como aos compromisos/obrigas do contratista.
- Ditar/trasladar, ao contratista, instrucións/directrices orientadas á correcta execución do obxecto do contrato, así como dos seus compromisos/obrigas; e ilo a través do coordinador técnico ou interlocutor que, a tal efecto, teña designado a adjudicataria. De ditas instrucións/directrices deberá informar, previamente, á Concellaría que, por razón de materia, resulte competente (ou, no seu defecto, á Alcaldía).
- Canalizar as comunicacións ordinarias, e en ambos sentidos, entre a administración e o contratista; que se deberán realizar a través do/a coordinador/a ou interlocutor que, a tal efecto, deberá ter designado a adjudicataria.
- Velar que na execución contractual non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores.
- Ademais, en execución das prerrogativas do órgano de contratación recollidas no artigo



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

190 da LCSP e neste documento, o responsable asumirá o exercicio operativo das facultades de inspección das actividades desenvolvidas polo contratista durante a execución do contrato (nos termos e cos límites sinalados no dito artigo 190).

En todo caso, deberase abster de asumir funcións directivas e/ou organizativas ao respecto dos medios humanos e materiais da adxudicataria, evitando, particularmente, a impartición de ordes directas ao seu persoal; debendo limitarse ao traslado de instrucións e/ou directrices xerais, así como ás comunicacións necesarias, nos termos anteditos e, polo tanto, a través coordinador técnico ou interlocutor que, a tal efecto, teña designado o contratista.

- Aqueloutras análogas ou semellantes, enmarcadas dentro da competencia xeral de supervisión operativa e ordinaria da execución do contrato, e/ou que poidan ser atribuídas polo órgano de contratación, e todo ilo con arranxo ao disposto ao respecto na LCSP

### 29.5. Unidade encargada do seguimento e execución do contrato.

De conformidade co disposto no artigo 62.1 da LCSP, a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato será o servizo municipal de educación familiar, baixo a supervisión da Alcaldía ou Concellaría en que delegue.

### TRIXÉSIMA. Penalidades por Incumprimento

#### 30.1 Penalidades por demora

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos parciais fixados polo órgano de contratación

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

#### 30.2 Penalidades por incumprimento ou cumprimento defectuoso da prestación

Considéranse moi graves os incumprimentos por parte do adxudicatario de calquera das condicións especiais de execución establecida neste prego

Estes incumprimentos serán causa de resolución do contrato, salvo que se considere que a actuación é illada e susceptible de recondución, e que a resolución do contrato non resulta conveniente para o interese do servizo en cuestión, nese caso substituirase pola penalización correspondente.

Estes incumprimentos contractuais moi graves levarán a imposición das penalidades coercitivas de 1% do prezo de adxudicación IVE excluído, por cada infracción e/ou día de incumprimento de prazos en función de gravidade, reincidencia e mala fe na comisión da infracción.

O incumprimento por parte do contratista das obrigas establecidas neste prego en materia de subcontratación, implicará unha penalización do 1% do importe do subcontratado, sendo a súa reiteración causa de resolución do contrato.



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

O incumprimento por parte do adxudicatario de calquera outra das súas obrigacións contractuais ou o seu cumprimento defectuoso, levará igualmente unha multa coercitiva de entre o 1 % do prezo do contrato, en función do seu maior ou menor gravidade e reincidencia.

As penalizacións que se impoñan ao adxudicatario son independentes da obriga do contratista de indemnizar polos danos e prexuízos que o seu incumprimento ocasione ao Concello ou a terceiros con dereito a repetir contra o Concello.

No caso de incumprimentos por parte do adxudicatario de aspectos da súa oferta, a indemnización que se esixirá ao contratista incorporará a diferenza que no seu caso exista entre a súa oferta e a de o seguinte contratista ao que se adxudicou o contrato sen ter en conta o criterio que non cumpriu o adxudicatario.

### 30.3 Imposición de penalidades

Para a imposición destas penalizacións e indemnizacións por incumprimentos contractuais seguirase un expediente contradictorio sumario, no que se concederá ao contratista un prazo de alegacións de 5 días naturais tras formularse a denuncia. Ditas alegacións e o expediente de penalización será resolto, previo informe do responsable municipal do servizo e informe xurídico, polo Sr. Alcalde ou órgano municipal en quen delegue, resolución que porá fin á vía administrativa.

O inicio do expediente para a imposición destas penalidades polo Concello realizarase no momento en que teña coñecemento por escrito dos feitos. No entanto, se se estima que o incumprimento non vai afectar á execución material dos traballos de maneira grave ou que o inicio do expediente de penalización pode prexudicar máis á marcha da execución do contrato que beneficiar, poderá iniciarse devandito expediente en calquera momento anterior á terminación do prazo de garantía do contrato.

As penalidades e indemnizacións impostas serán inmediatamente executivas e faranse efectivas mediante dedución dos pagos correspondentes que o Concello teña pendentes de abonar ao contratista. Se xa non existisen cantidades pendentes de pago, poderanse facer efectivas contra a garantía definitiva e se esta non alcanzase o montante da penalización, poderase reclamar pola vía administrativa de prema por considerarse ingreso de dereito público.

A imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga/responsabilidade legal que, no seu caso, lle incumba en canto á reparación dos defectos e cobertura de danos e/ou prexuízos.

Nos supostos de incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso, ou no caso de demora na execución, en que a penalidade non cubriera os danos causados á Administración, esta poderá esixir ao contratista a correspondente indemnización por danos e prexuízos.

### TRIXÉSIMO PRIMEIRA.- Sobre o persoal da contratista adscrito á execución do contrato.

**31.1.** O contratista asumirá a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo sobre o persoal que deberá adscribir á execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario; e disporá dunha estrutura xerarquizada que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices de realización de traballo. En particular, asumirá a negociación colectiva e pago dos salarios, a concesión/organización de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigacións legais en materia de Seguridade Social (incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando proceda), as obrigacións legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

En ningún caso se entenderá como persoal adscrito ao servizo aquel persoal de apoio ou de estrutura da empresa, o persoal directivo e, en xeral, aquel cuxo cometido non sexa a prestación directa dos servizos obxecto deste contrato.

O contratista velará especialmente para que os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións propias das prestacións obxecto do contrato; e que non se produzan situacións tendentes a unha cesión ilegal de traballadores, debendo atender ás indicacións/directrices que, para evitar esta posible situación, se trasladen por parte do órgano de contratación e/ou Concello

Será responsabilidade da contratista facilitar aos seus traballadores tódolos medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

O devandito persoal dependerá exclusivamente da adjudicataria, que ostentará todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario, e quedará obrigada ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e social, e das demais que sexan aplicables e/ou que se poidan promulgar durante a prestación do servizo obxecto deste contrato. O Concello de Outes non terá ningunha intervención na súa selección; corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato; sen prexuízo da potestade para a verificación posterior e continua, por parte do órgano de contratación, de que o persoal se adecúe ao previsto nos pregos.

A substitución do persoal por vacacións ou permisos, baixa ou calquera outra ausencia legalmente prevista, farase de forma inmediata e será por conta do contratista. De tal xeito que, agás supostos excepcionais por ausencias sobrevidas/imprevistas debidamente comunicadas e motivadas (nos que será admisible unha ausencia de cobertura do servizo por un máximo total, por cada edición do servizo obxecto do contrato, de 12 horas), os días/horas das ditas ausencias deberán ser total e efectivamente cubertos polo persoal substituto necesario.

En todo caso, o aumento de persoal ou da xornada laboral do persoal adscrito inicialmente ao servizo, salvo que se trate dos anteditos supostos de substitución, requirirá de previa motivación e comunicación ao órgano de contratación, que valorará, no seu caso, a súa posible autorización.

En concordancia co disposto nos parágrafos anteriores e a natureza xurídica de contrato de servizos aplicable, pola que o Concello encomenda ao contratista a consecución dun resultado concretado nas prestacións obxecto deste contrato a cambio do prezo pactado, a xestión do persoal adscrito será de exclusiva responsabilidade do contratista. Así, a presentación da proposición para concorrer a esta licitación implica o compromiso de que o licitador levará a cabo unha política de persoal responsable e dilixente; e, por tanto, calquera folga ou conflito colectivo do persoal ao seu cargo, así como, no seu caso, das subcontratas, con independencia dos motivos que a provocasen, non poderá supoñer un prexuízo ao Concello nin a terceiros, nin un menoscabo na prestación do servizo contratado, non podendo ser causa, en ningún caso, dunha modificación das condicións deste contrato (en especial do prezo pactado).

O Concello poderá esixir o cambio dos traballadores, en base ás enquisas de satisfacción ou as queixas dos usuarios expresadas a través do libro de reclamacións, ou directamente á Administración; cando das mesmas se deduza que non son idóneos para a prestación do servizo, o contratista deberá substituílos por outros con idéntico perfil profesional e adecuado ao mínimo esixido nos pregos.

**31.2.** Todas as previsións e obrigas que se veñen de sinalar resultarán igualmente esixibles nos supostos de subcontratación, co alcance que proceda; baixo a responsabilidade correspondente da adjudicataria.

**TRIXÉSIMO SEGUNDA.- Confidencialidade e tratamento de datos**



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

**32.1.** En relación coa confidencialidade, e en todo o non previsto neste prego, será de aplicación o disposto no artigo 133 LCSP. E tolo ilo sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de acceso á información pública, e das disposicións contidas na LCSP sobre publicidade da adxudicación e a información que debe darse aos candidatos e licitadores

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato e á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos dende o coñecemento desta información, de conformidade co establecido no artigo 133.2 LCSP.

Non se poderá divulgar, por parte do órgano de Contratación e/ou Concello, a información facilitada polos empresarios, e que estes designaran como confidencial. A tales efectos, os licitadores deberán indicar, coa presentación da oferta, a documentación/información que consideren de carácter confidencial, fundamentando o motivo de tal carácter; e dita confidencialidade será respectada, polo órgano de contratación/Administración, no caso de que concorran os supostos fixados, ao efecto, no artigo 133.1 da LCSP.

**32.2.** En relación coa protección de datos de carácter persoal, e en todo o non previsto neste prego, será de aplicación o disposto na normativa específica de aplicación, así como na disposición adicional vixésimo quinta da LCSP.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto aos datos de carácter persoal dos que puideran ter coñecemento por razón da prestación do contrato; obrigación que subsistirá aínda despois da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, de 13 de decembro de 1999.

O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigacións que, en materia de protección de datos, deberán cumprir no referido ao desenvolvemento da tarefas propias da prestación do contrato (en especial as derivadas do deber de secreto); respondendo a empresa adxudicataria das infraccións legais en que, por incumprimento dos seus empregados, se puidera incurrir.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal, se deberá respectar na súa integridade a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e a normativa de desenrolo e/ou substitutiva, de conformidade co establecido na disposición adicional vixésimo quinta da LCSP.

### TRIXÉSIMA TERCEIRA. Resolución e extinción do Contrato

**33.1.** De conformidade ao disposto no artigo 209 da LCSP, o contrato extinguirase polo seu efectivo cumprimento o, no seu caso, por resolución.

**33.2.** No referido ao cumprimento do contrato, e recepción da prestación inherente, e sen prexuízo do especificamente previsto ao respecto ao longo do presente prego, estarase ao disposto ao respecto no artigo 210 da LCSP.

**33.3.** A resolución do contrato terá lugar nos supostos, e consonte os termos e efectos neste Prego e, en todo o non previstos, nos artigos 211 a 213 da LCSP; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Ademais o contrato poderá ser resolto polo órgano de contratación cando se produzan incumprimento do prazo total ou dos prazos parciais fixados para a execución do contrato que faga presumiblemente razoable a imposibilidade de cumprir o prazo total, sempre que o órgano de contratación non opte pola imposición das penalidades de conformidade coa cláusula 30 deste prego e a LCSP

FIRMADO POR Diego Luis Díaz Méndez (FECHA: 02/09/2024 10:54:00) , RAQUEL TOJA GOMEZ (FECHA: 02/09/2024 11:11:00) , José Ramón Vázquez González (FECHA: 02/09/2024 11:38:00) , Versión imprimible

CVD: G+1mF26XTyQhN5WLAXz7  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Val do Dubra, naturalmente*



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Así mesmo serán causas de resolución do contrato aquelas outras fixadas no referido artigo 211.1 da LCSP .

### ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D..... con domicilio a efectos de notificacións en ..... e D.N.I./NIF n.º:....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, actuando en nome propio/

en representación de ..... con DNI/NIF....., con domicilio a efectos de notificacións en ..... en relación co procedemento de licitación do CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVICIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO “SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE DETERIORO FÍSICO, COGNITIVO E AUTONOMÍA PERSOAL PARA MAIORES DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA”, respecto do que se presenta e pretende a súa adxudicación,

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

**PRIMEIRO.-** Que cumpre con todos os requisitos/condicións previos requiridos para contratar, de conformidade co disposto ao efecto no pregos reguladores deste procedemento e na LCSP (en virtude do disposto ao respecto artigo 159.4.c. da LCSP, e consonte as particularidades previstas para os procedementos abertos simplificados tramitados ao abeiro do do previsto no artigo 159.6 da LCSP) e, en concreto:

- Que a empresa/entidade concorrente está debidamente constituída, aos efectos do presente procedemento, acreditando a personalidade xurídica no seu caso correspondente
- Que o asinante da proposición ostenta a representación formal da empresa/concorrente, aos efectos do presente procedemento, poder bastante para formular a oferta
- Que a empresa/entidade licitante no está incurso en ningunha prohibición para contratar, consonte o previsto ao efecto nos artigo 71 da LCSP, e se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas pola disposicións normativas vixentes e aplicables

**SEGUNDO.-** Que a empresa/entidade concorrente se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECSP), ou equivalentes aos efectos do presente procedemento (segundo o previsto no PCAP).

Si ....

NON ....: pero se MANIFESTA TER PRESENTADO SOLICITUDE DE INSCRICIÓN á data da presentación de presente. E para a acreditación desta circunstancia achégase acuse de recibo/xustificante da solicitude emitido polo correspondente Rexistro, xunto cunha declaración responsable de ter achegado a documentación preceptiva e de non ter recibido requirimento de subsanación

**TERCEIRO.-** Que a empresa/entidade concorrente recorrerá ás CAPACIDADES/MEDIOS DOUTRAS, advertindo esta circunstancia, e manifestando o compromiso ao que se refire o artigo 75.2. da LCSP, (sen prexuízo de que o mesmo se achegará, no caso de proposta de adxudicación, de conformidade co disposto no apartado 2 do referido artigo 75). Achegándose, por cada unha destas outras empresas/entidades, a correspondente declaración responsable que recolle idéntica información e contidos que os indicados nesta, a excepción do recollido neste punto (*apartado a incorporar só no caso de que concorra este suposto*)



FIRMADO POR Diego Luis Díaz Méndez (FECHA: 02/09/2024 10:54:00) , RAQUEL TOJA GOMEZ (FECHA: 02/09/2024 11:11:00) , José Ramón Vázquez González (FECHA: 02/09/2024 11:38:00) , Versión imprimible

CVD: G+lmF26XTyQhN5WLAXz7  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Val do Dubra, naturalmente*



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

**CUARTO.-** Que por tratarse dunha empresa/entidade concorrente ESTRANXEIRA, maniféstase o seu sometemento á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen derivar desta contratación, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (*apartado a incorporar só en caso de empresas estranxeiras*).

**QUINTO.-** Que por concorrer en UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESARIOS, achegase, xunto á presente, compromiso de constituír a dita unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte de la mesma, en caso de resultar adxudicatarios, de conformidade co esixido no apartado 3 del artigo 69 da LCSP. Documento de compromiso no que figura a identificación e circunstancias das que a constituirían, e a participación de cada unha, así como manifestación expresa de que se comprometen a constituírse formalmente en unión temporal de empresarios en caso de resultar adxudicatarios do contrato. Achegando tamén, cada unha das empresas integrantes, unha declaración responsable a excepción do recollido neste punto (*apartado a incorporar só no caso de que concorra este suposto*)

**SEXTO.-** Que a empresa/entidade concorrente se compromete a adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais requiridos no PPTP e ofertados na súa proposición, incluíndo as melloras ofertadas en relación cos medios persoais

**SEXTO.-** Que a dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións e comunicacións correspondentes a este procedemento será a seguinte  
.....

**SÉTIMO.-** Que se compromete a acreditar documentalmente cantos extremos se teñen declarado e manifestado na presente, no caso de que sexa requirido polo órgano e na forma procedentes, consonte o disposto na LCSP e restante normativa de aplicación

E para que conste, asínase a presente declaración.

Lugar, data e sinatura



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

### ANEXO II.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E MELLORAS

D./D..... con domicilio a efectos de notificacións en ..... e D.N.I./NIF n.º:....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, actuando en nome propio/

en representación de ....., con DNI/NIF....., con domicilio a efectos de notificacións en ....., en relación co procedemento de licitación do CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO “SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE DETERIORO FÍSICO, COGNITIVO E AUTONOMÍA PERSOAL PARA MAIORES DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA”, respecto do que se presenta e pretende a súa adxudicación,

#### MANIFESTA E FAI CONSTAR:

I. O coñecemento e aceptación, na súa totalidade e sen excepción ningunha, do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexen o dito procedemento, así como das obrigas e condicións derivados

II. Que se compromete á execución do contrato, con estrita suxeición ao obxecto, condicións, requisitos e obrigas aplicables aos efectos, segundo o estipulado nos anteditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas Particulares, así como na LCSP, polo seguinte **PREZO**:

- Importe sen IVE.- .....
- IVE.- ..... (....%)
- Importe total.- .....

III. Que de conformidade co previsto no PCAP (cláusula 12.2.3.) ofértanse as MELLORAS indicadas a continuación, e que no caso de resultar adxudicatario do servizo se compromete a cumprir, como parte integrante do contrato e das súas obrigas:

a) Mellora respecto dos medios persoais mínimos a adscribir á execución do Servizo obxecto do contrato (*indicar só a opción ou opcións ofertadas*)

- Oferta dun (1) ou máis monitores/as a maiores do número mínimo esixido
- Oferta doutro persoal diferente e a maiores do mínimo de monitores/as esixido, e coa seguinte categoría/condición profesional: traballador/a social, educador/a social ou terapeuta ocupacional, ou legalmente equivalentes

b) Mellora respecto das horas de prestación previstas para execución do Servizo obxecto do contrato (*indicar só a opción ou opcións ofertadas*):

- Ata un 10% de horas a maiores das previstas
- Ata un 15% de horas a maiores das previstas
- Ata un 20% de horas a maiores das previstas

E para que conste, asíñase a presente declaración.

Lugar, data e sinatura

*Val do Dubra, naturalmente*



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

### -ANEXO III-

#### DETERMINACIÓN DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS DO CONTRATO. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO, PREZO E ABONO/FACTURACIÓN

##### I. Determinación do Orzamento Base de Licitación e Valor Estimado do contrato.

Aos efectos da determinación das condicións económicas de adxudicación e execución do contrato e, conseguintemente, do ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (en diante OBL) e VALOR ESTIMADO (en diante VE), aplicáronse e tivéronse en conta os aspectos e criterios sinalados a continuación e que se adecúan, en todo caso, ao dispostos ao efecto, e respectivamente, nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP, así como aos prezos de mercado

1º.- Tomouse como **unidade de referencia unha edición/prestación anual íntegra do Servizo obxecto do mesmo** (isto é, unha edición anual de prestación íntegra das actividades que comprenderá o desenvolvemento do Servizo de impartición de actividades de prevención de deterioro físico, cognitivo e autonomía persoal para maiores do concello de Val do Dubra).

2º.- Considerouse o **número máximo de horas de prestación** previstas para a execución material por parte do contratista das actividades comprendidas nunha edición anual íntegra do Servizo obxecto do contrato, segundo o disposto ao efecto no PPTP (sen computar as melloras no seu caso ofertadas a este respecto), **960 horas**; que se determinou do seguinte xeito:

- 48 semanas de prestación inicial máxima prevista, a unha media semanal máxima de 20 horas: 960 horas

3º.- Considerouse o **custe salarial estimado** (custe retributivo e de seguridade social a cargo do contratista) do persoal mínimo a adscribir pola adxudicataria á execución material das actividades comprendidas no Servizo obxecto do contrato (segundo o previsto ao efecto no PPTP), que se determinou consonte o indicado a continuación:

- Persoal mínimo requirido (por cada grupo de actividade), nº/categoría: 1 monitor/a
- Convenio colectivo aplicable: III Convenio Colectivo Marco Estatal del Sector Ocio Educativo y Animación Sociocultural (BOE 22/03/2021- N°69)
- Retribucións brutas totais (anual) aplicable ao dito persoal: 15.876,00 € (segundo Convenio, e actualizado segundo SMI 2024)
- Xornada (anual) aplicable ao dito persoal (segundo Convenio) : 1742 horas anuais
- Custe das retribucións brutas/hora do dito persoal: 9.11 euros/hora
- Custe estimado da seguridade social a cargo do contratista do dito persoal: 33,18% sobre retribucións brutas, equivalente a 3,0226 euros/hora
- Custe salarial bruto/hora do dito persoal: 12,13 euros/horas
- Custe salarial bruto do dito persoal por cada edición anual de prestación do servizo obxecto do contrato: 11.644,80 € (12,13 €/hora\*920 horas)

4º.- Considerouse o **custe estimado para o material/medios materiais** a achegar polo contratista para a execución de cada edición anual íntegra do servizo obxecto do contrato; **1.500 €**

5º.- Consideráronse os **gastos xerais de estrutura**, estimados no 13% dos custes directos/de execución material de cada edición anual íntegra do Servizo obxecto do contrato: **1.708,82 €**

*Val do Dubra, naturalmente*

*Val do Dubra, naturalmente*



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Telef. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

6º.- Considerouse o **beneficio industrial**, estimado no 6% dos custes directos/de execución material de cada edición anual íntegra do Servizo obxecto do contrato: **788,69 €**

7º.- E respecto da contía final resultante da suma de todo o anterior aplicouse o **IVE correspondente**, fixado nun 21%

**E como resultado da aplicación do antedito, resultou o seguinte:**

**Custes directos/vinculados á execución material do contrato (por cada edición/prestación anual íntegra do Servizo obxecto do mesmo) : 13.144,80 €**

- Custes de persoal.- 11.644,80 €
- Outros custes (material).- 1.500 €

**Custes non vinculados á execución material do contrato/indirectos: 2.497,51 €**

- Gastos xerais de estrutura (estimados no 13%).- 1.708,82 €
- Beneficio industrial (estimado no 6%).- 788,69 €

**ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 18.927,19 €**

- Importe sen IVE.- 15.642,31 €
- IVE (21%).- 3.284,88 €
- Importe total.-18.927,19 €

**VALOR ESTIMADO DO CONTRATO\*: 46.926,93 €**

*\*O valor estimado do contrato foi determinado segundo o disposto no artigo 101 da LCSP, tendo en conta o orzamento base de licitación antedito (excluíndo o IVE), así como a duración máxima prevista (incluíndo as prórrogas posibles).*



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CON TRAMITACIÓN ABREVIADA (ARTIGO 159.6 LCSP), DO SERVIZO DO PROGRAMA “PARA PREVENCIÓN DO DETERIORO FÍSICO, COGNITIVO E AUTONOMÍA PERSOAL PARA MAIORES E DEPENDENTES DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA” POS+2024,**

**(EXPEDIENTE 2024/C004/000001)**

### 1.-OBXECTO DO CONTRATO E OBXECTIVOS.

É obxecto do presente prego establecer as prescricións técnicas que rexerán a contratación do servizo de Programa para prevención do deterioro físico, cognitivo e autonomía persoal para maiores e dependentes do Concello de Val do Dubra por **importe máximo anual** de 18.927,19 Euros IVE incluído.

Este **prezo de licitación** corresponde as actividades que se desenvolverán nun so grupo de maiores, de xeito diario (luns a venres) de 16.00 horas a 20.00 horas nos meses desde xaneiro a xullo e de setembro a decembro.

Deste xeito o servizo comprende 4 horas diarias, 5 días a semana, agás días festivos, nos meses anteriormente sinalados.

Inclúe tamén unha saída en autobús a algún destino de interese para as persoas usuarias.

III Convenio Colectivo Marco Estatal del Sector Ocio Educativo y Animación Sociocultural (BOE 22/03/2021- N°69)

#### Monitor/a

Grupo IV	1742 horas anuais
Salario estimado:	15.876,00 € (SMI 2024)
Custe salarial hora:	15.876,00 € / 1742 horas = 9,11 €
Retribución hora:	9,11 €
Custe Seguridade Social:	33,18% = 3,0226 € + 9,11 € = 12,13 €

Personal (12,13 * 4 horas * 48 semanas)	11.648,80 €
Otros Gastos (Material, Excursión,...)	1.500,00 €
Total	13.144,80 €
Gastos Generales (13%)	1.708,82 €
Beneficio Industrial (6%)	788,69 €
Total Grupo	15.642,31 €

IVE (21%)	3.284,88 €
Total Grupo/Año	18.927,19 €

### 2. LUGAR DE REALIZACIÓN.

Os traballos obxecto da contratación realizaranse con carácter xeral no Centro de Formación de Val do Dubra, sito na Rúa Corredoira s/n, ou noutro que o Concello dispoña para tal servizo no caso de non poder empregar a aula anteriormente citada.

### 3. PERSOAL.

Durante toda a duración do contrato, o contratista estará obrigado a achegar todo o persoal que sexa necesario para prestar os servizos e actividades recollidos no presente prego.

A contratación do persoal correrá a cargo do adxudicatario. Cando os informes técnicos así o determinen, a administración local poderá esixir a substitución do persoal, nos casos nos que a prestación do servizo establecida non se realice correctamente.

*Val do Dubra, naturalmente*



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Con todo, permítese a rotación de monitores nas clases que se considere oportuno, previa comunicación por escrito dirixida á Concellería competente cun mes de antelación, e sempre que os motivos sexan xustificados.

O adxudicatario deberá dotar ao persoal do vestiario de traballo adecuado para a prestación dos servizos, así como da documentación e material necesario para o desenvolvemento das actividades.

### 4. OBRIGAS E PRERROGATIVAS DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA.

O Concello de Val do Dubra:

- a. Determinará o número máximo e mínimo de participantes, que se fixa en 25 persoas usuarias.
- b. Manterá os servizos indicados polo tempo estipulado, sempre que non existan causas graves que motiven a finalización do servizo.
- c. No caso de que a demanda aconsellara variar os servizos prefixados, o Concello de Val do Dubra poderá modificar ou incluír os servizos conforme ás necesidades anuais, con notificación ao contratista. De igual modo, o Concello de Val do Dubra poderá reducir as actividades se non existira demanda ou concorrese outra causa que xustifique a súa desaparición. A tal fin, elaborárase polos servizos técnicos unha memoria explicativa que xustifique a modificación, así como a improcedencia dunha nova contratación. De igual modo, o Concello de Val do Dubra poderá reducir as actividades se non existira demanda, ou concorrese outra causa que xustifique a súa desaparición, descontando do prezo de adxudicación, de forma prorrateada, o valor das actividades reducidas.
- d. Pagará os servizos por mes vencido.
- e. Ofertará aos alumnos/as as distintas actividades gratuítas que poida propoñer a empresa adxudicataria a maiores dos servizos contratados.

### 5. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

a. Contratará o persoal necesario de acordo coa lexislación vixente para o desenvolvemento dos servizos que lle encomende o Concello. O persoal contratado para a execución do servizo en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcional ou de natureza análoga respecto ao Concello, debendo a empresa ter debidamente informado ao persoal de tal extremo. Ao termo da adxudicación non se producirá traspaso polo feito de que o Concello decidira asumir directamente a prestación do servizo.

b. A empresa adxudicataria levará a cabo funcións de supervisión, control de asistencias, eficacia dos servizos e dirección dos traballadores. As horas de dedicación serán as que se especifican neste Prego. As horas que excedan do estipulado no presente Prego serán asumidas pola empresa sen custe engadido para o Concello.

c. Farase cargo da publicidade das actividades que imparta, que se distribuirá antes do comezo das mesmas, debendo figurar obrigatoriamente o nome e escudo do Concello de Val do Dubra, así como da Deputación da Coruña, ao ser organismo que cofinancia dita actividade.

d. O contratista queda obrigado a que o persoal e monitorado encargados de executar e impartir as diferentes actividades, se atopen en posesión da cualificación necesaria, que deberá acreditarse por medio da titulación académica indicada para o servizo. O persoal deberá prestar o servizo debidamente identificado. A identificación terá en conta as condicións de traballo dos diferentes postos, e deberá permitir a inmediata identificación do persoal polos usuarios do servizo, estará debidamente uniformado, e terá un vestiario identificativo que contará cos logos serigrafados da empresa adxudicataria e do Concello de Val do Dubra.

e. Unha vez adxudicado o servizo e con carácter previo á súa iniciación, a empresa deberá presentar a relación do persoal contratado para a súa prestación e copia do convenio colectivo que lles será de aplicación.

f. Unha vez iniciado o servizo, a entidade adxudicataria terá que manter o persoal

*Val do Dubra, naturalmente*





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

cualificado. En todo caso, as situacións de altas e baixas do persoal deberanse de comunicar de xeito inmediato ao departamento responsable e á Concellería correspondente. Neste último caso de enfermidade ou calquera outro tipo de ausencia do persoal destacado pola empresa adjudicataria para a execución destes servizos, esta obrígase a suplilo á maior brevidade, e en todo caso, no prazo máximo dun día.

**g.** O adjudicatario deberá cumprir todas as normas vixentes e obrigas impostas en materia de accidentes, xornada laboral, seguros sociais, mutualismo laboral e demais normas en relación cos traballadores empregados. Estará así mesmo obrigada a ter debidamente dado de alta ao persoal no réxime xeral da Seguridade Social e cumprir todas as obrigas legais respecto do mesmo. O adjudicatario queda obrigado a realizar a prestación directamente, non podendo subarrendar, ceder ou traspasar dereitos e obrigas dimanantes do contrato sen autorización expresa do Concello.

**h.** A efectos de facturación, computaranse as horas totais executadas debendo detallar segundo servizos/actividades obxecto da contratación. Cada factura acompañarase de memoria co detalle pormenorizado de horas de execución das actividades aínda que non supoñan custe para o Concello.

**g.** O adjudicatario quedará obrigado a aportar o material necesario para o desenvolvemento dos servizos adjudicados, independentemente do equipamento propio das instalacións onde se executen os mesmos. A tal efecto o Concello entenderá que o material, fotocopias, maquinaria, produtos, etc... ofertado na proposta foi considerado polo licitador como suficiente para a realización do servizo, e de non resultar así, o adjudicatario deberá adquirir, ao seu risco e ventura, o preciso para a súa correcta prestación, so pena de que se lle esixan as responsabilidades a que houbera lugar.

**h.** De xeito xeral as tarefas do servizo obxecto do contrato a executar pola empresa serán as seguintes:

- Docencia e impartición das actividades contidas neste Prego nos tempos e lugares que se especifiquen pola Concellería responsable.
- Seguimento grupal e individual dos participantes nas actividades
- Organización e execución das actividades en función dos criterios fixados pola Concellería responsable.
- Información á Concellería correspondente dos plans de traballo técnicos propostos pola empresa (planificación operativa, obxectivos a conseguir, tarefas a desenvolver, distribución dos recursos humanos, temporalidade das actividades...).
- Inspeccionar e avaliar tecnicamente o servizo executado.
- Mediar naquelas situacións de conflito que puideran xurdir cos destinatarios ou grupos obxecto de cada intervención.
- Coordinación e supervisión das actividades desenvolvidas coa Concellería responsable e/ou técnico designado por esta para os programas e proxectos especificados.
- Documentación e xestión derivadas da execución dos servizos contratados.
- Establecemento de procedementos de control de asistencia con informe periódico mensual á Concellería responsable. Así mesmo, o persoal municipal poderá acceder ás instalacións en horas de desenvolvemento da actividade e sen previo aviso, a fin de comprobar o quórum de asistencia e grao de satisfacción dos usuarios.

**i.** A empresa adjudicataria deberá subscribir unha póliza de seguro que cubra as posibles responsabilidades de todo tipo nas que puidera incorrer como consecuencia da prestación do servizo, incluíndo a responsabilidade civil por danos a terceiros, tanto a persoas como a cousas, os incendios e calquera outro dano de natureza análoga que puidera producirse nas instalacións, mobiliario, maquinaria, equipamento, etc, por importe como mínimo de 600.000 euros por sinistro, requisito que será esixible con carácter previo a formalización do contrato.

**j.** O adjudicatario responsabilízase da prestación dos servizos no período contratado, polas omisións, erros, negligencias ou metodoloxía inadecuada.

**Salvo por xustificadas motivos de forza maior, o servizo nunca poderá deixar de prestarse.**

En todo caso, o adjudicatario responderá dos danos sufridos en bens inmoables e instalacións así como en aparellos e útiles municipais postos a disposición do servizo.



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

### 6. ACTIVIDADES A DESENVOLVER.

O Concello de Val do Dubra quere continuar desenvolvendo unha serie de actividades en beneficio da poboación de maior idade que melloren a calidade de vida e o benestar desta franxa de poboación, mediante a interacción social, a educación, a cultura, as actividades de tempo libre, etc., actividades todas elas que en última instancia contribúen á prevención e atraso do envellecemento intelectual e físico.

As actividades irán dirixidas preferentemente ás persoas maiores de 65 anos, podendo incluírse nas mesmas persoas de menor idade que polas súas circunstancias poidan beneficiarse especificamente destas actividades.

Estas actividades perseguen tamén unha maior interacción entre a poboación de maior idade e a máis xove, de maneira que se poida dar un intercambio entre xeracións que resulte enriquecedor para ambas.

Organizaranse tres tipos de actividades:

#### **Actividades ordinarias, das que ofrecemos un listado de actividades propostas:**

- Actividades de Memoria.
- Xogos.
- Educación Emocional.
- Prevención da dependencia.
- Musicoterapia.
- Manualidades.
- Hábitos saudables.
- Alfabetización e lecto-escritura.
- Expresión escrita e verbal.
- Bailes.
- Relaxación.
- Exercicio físico adaptado
- Manexo de novas tecnoloxías

As actividades terán lugar entre os meses de xaneiro a xuño e de setembro a decembro, suspendendo as clases no mes de agosto.

#### **Actividades puntuais de participación interxeracional:**

En momentos puntuais do ano realizaranse actividades conxuntas entre as realizadas noutras concelleiras e as realizadas na área de servizos sociais, que deberán coordinar, xunto co Concello, as persoas ou empresas a cargo de ambas áreas.

#### **Excursión:**

Unha excursión en autobús a algun destino de interese para os usuarios dentro do territorio de Galicia.

Todos os materiais de difusión e publicidade (carteis, trípticos, etc) das actividades serán elaborados e preparados para a súa distribución pola empresa contratada, usando as tipografías, logos, etc. que lle proporcione o Concello, para manter un único estilo nas comunicacións externas deste. A distribución destes materiais de promoción correrá tamén por conta da empresa contratada para a prestación do servizo.

#### **O servizo deberá estar sempre cuberto.**

Ao final de tempada, deberá organizarse unha “Festa de fin de tempada das actividades”, promovendo a participación e dispoñendo do profesorado que sexa necesario para as actividades, a coordinación e o desenvolvemento dos contidos.

Para a realización de todos os servizos detallados, dispoñeráse da maior colaboración municipal.

O Concello poderá en calquera momento, inspeccionar o servizo prestado, e en concreto, recabar información sobre a adecuación entre o número de traballadores fixados na oferta e os



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

que efectivamente presten o servizo, e en caso de desconformidade, proceder de acordo co establecido neste prego ou sancionar ou resolver o contrato.

### 7. CARACTERÍSTICAS DO DOCUMENTO PROPOSTA.

A empresa adxudicataria entregará, antes do comezo da actividade, un documento proposta para a xestión do servizo. A proposta terá que incluír un índice e deberá estar numerada en todas as súas páxinas, seguindo esta orde:

1. Identificación e datos da persoa física ou xurídica, currículo e experiencia.
2. Actividades propostas: descrición pormenorizada de cada actividade, contidos didácticos e cronograma. Xustificación do interese e potencial aceptación da actividade polas potenciais persoas usuarias. Relación das actividades co medio social e cultural do ámbito territorial do Concello de Val do Dubra. Número de participantes idóneo para cada actividade.
3. Cronograma do conxunto de actividades.
4. Equipamento ou materiais a utilizar en cada actividade, se fose o caso.
5. Modelo de avaliación para o seguimento do rendemento da actividade.

### 8. CONTROL E SEGUIMENTO.

A empresa adxudicataria manterá mensualmente informado ao Concello do desenvolvemento das actividades, avaliación, propostas de cambios, etc., mediante unha memoria que recolla datos de participación, desenvolvemento das actividades e outras incidencias. Esta información proporcionarase en formato dixital durante a última semana de cada mes. Neste mesmo formato a empresa deberá realizar e entregar unha memoria ao remate do ano onde se recolla o desenvolvemento das actividades e a avaliación das mesmas, tanto pola empresa/monitor@s, como polas persoas participantes nas mesmas.

Tamén manterá regularmente reunións co Concello para avaliar a marcha das actividades e acordar ambas partes as modificacións que se consideren necesarias para unha mellor prestación do servizo.

A empresa adxudicataria designará unha persoa responsable que se encargará da interlocución co Concello.